

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7**

### **SESION ORDINARIA 28 DE ABRIL DE 2014**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velo Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos.  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### NON ASISTEN

Díaz Vázquez, Raquel  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e oito de abril do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa

antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratarlos asuntos da orde do día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(58).- ACTAS ANTERIORES: (ACTA ORDINARIA DO 24.02.2014 E EXTRAORDINARIA DO 21.03.2014).**

Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria do 24 de febreiro e extraordinaria do 21 de marzo de 2014.

#### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non houbo.

#### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

### **ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN**

#### **3.1(59).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO 2014. EXPTE. 102340/140 (869/1101).**

ANTECEDENTES.- O Interventor xeral municipal, por escrito de data 4 de abril de 2014, informa do que segue:

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 105 da ORDEN EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2014, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conducto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro semestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de marzo de 2014.

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acreedores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final.

En canto os estados consolidados, a información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. As institucións consolidadas son: A Entidade Local, o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

Adxúntase igualmente un estado consolidado relativo a recadación e pagamentos tanto de orzamento corrente como de pechados

*No expediente figuran dezaoito cadros contables debidamente dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno*

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión

do 21 de abril, tomou coñecemento de todo o anterior.

#### DEBATE.-

SR. FIDALGO IGLESIAS: A Lei de Facendas Locais no seu artigo 207 establece que trimestralmente a Intervención Xeral Municipal remitiralle ao Pleno do Concello información da execución dos orzamentos de ingresos e gastos e dos movementos de Tesourería, hoxe toca polo tanto analizar o estado de execución de ingresos, de gastos e da tesourería correspondente ao primeiro trimestre do 2014.

En primeiro lugar, hai que dicir que para facilitar a súa análise sería desexable que o informe de Intervención nos presentara unha contas cun maior nivel de desagregación tal e como o indica a regra 106 da Orde de Economía e Facenda, de 23 de novembro de 2004, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local. É simplemente darlle a un botón para ter maior nivel de desagregación nas contas e así poder facer un exame máis preciso, pero atendonos ao informe tal e como o presentan e como nolo facilitan e tendo en conta que estamos analizando os datos de entre o 1 de xaneiro de 2014 e 31 de marzo de 2014 e que polo tanto aínda falta nove meses para que remate o exercicio, comprobamos, e isto é o importante, que as cifras son bastantes discretas, porque en primeiro lugar, a execución de ingresos non supera o 13% cando hai dous anos estaba no 16%, porque nos gastos a execución tamén é baixa, non supera o 15%. Discreta tamén na Tesourería porque os aforros dos vigueses baixaron de 77 millóns o un de xaneiro a 60 millóns o 31 de marzo.

Para rematar un dato curioso, que é saber canto e onde ten os cartos o Concello de Vigo, onde temos eses 60 de millóns de Tesourería, pois 27.400.000 euros están no Banco Popular, ou sexa o 46% dos cartos dos vigueses está nese banco; 13.400.000 no Banco Santander, o 22% dos cartos dos vigueses está no Santander.; 7,4 millóns de euros no BBVA, o 12%; 7,6 millóns na Caixa, o 13% e en Novagalicia catro millóns de euros, o 7%.

Polo tanto, o 46% no Banco Popular, o 22% no Santander, o 13% na Caixa, o 12% no BBV e o 7% en Novagalicia Banco. Que cada vigués/esa quite polo tanto as súas propias conclusións.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Eu quero darlles as gracias ao Partido Popular por recoñecer que o Concello de Vigo cumpre coa normativa e trae a dar conta os Orzamentos a este Pleno, cousa que nas administracións que goberna o Partido Popular non todas o fan e non todas o fan en prazo.

Cando o Sr. Fidalgo nos dicía que onde están os cartos do Concello, este Concello ten como norma quitar a concurso e gáñao o que mellor oferta fai, e por certo como vostedes saben, que son persoas cultas, o Concello de Vigo é o que mellores ofertas ten polos seus cartos de toda Galicia e un dos que mellores ofertas ten polos seus cartos de toda España, por que? Porque facemos as cousas ben, porque cumprimos e somos un dos concellos máis solventes de España.

Cando vostedes dicían cal é o estado de exercicio, como van as contas deste ano, pódolle dicir que o capítulo seis, que é o de investimentos, neste momentos temos unha aplicación de superávit de 5,9 millóns de euros, case seis millóns de euros, como vostede sabe hai que facer unha Modificación que ven no punto seguinte deste Pleno porque o Goberno de España acaba de aprobar un Decreto Lei onde regula que é distinto á lei que tiñamos cando aprobamos estes orzamentos, esta aplicación do superávit.

O importante non é estudar senón aprobar a materia a finais de ano, este é o mesmo caso, estamos estudando, facendo as cousas ben, pero a finais de ano como fixemos no 2008, no 2009, no 2010, no 2011, no 2012 e no 2013, executaremos os orzamentos case na súa totalidade, uns dos índices de execución máis altos de toda España. Vemos como no ano 2008 executamos o 82%, no ano 2009 o 85%, no ano 2010 o 87%, no ano 2011 o 90,5%, no ano 2012 o 90%, no ano 2013, o ano pasado, o 92% de execución do Orzamento. O estado de gastos, nestes momentos non é representativo dado que os ingresos a causas están sen desenvolverse, como vostedes saben toda a fiscalidade do Concello ningunha ten vencemento no primeiro trimestre, e a máis importante que é o IBI, os ingresos do IBI teñen efecto no último trimestre do ano. Co cal hai que facer unha exposición e un balance global do ano, o volume e o desenvolvemento dos ingresos e dos gastos, neste primeiro trimestre é similar a outros anos, a estimación destes ingresos e gastos ao final de ano poríanos os Orzamentos nunha execución do 97%, unha das máis grandes que tivemos na historia desta cidade, seguramente porque temos Orzamentos, vostedes señores do Partido Popular, en oito anos de goberno

nesta cidade só foron capaces de quitar dous orzamentos, co cal o grao de execución, orzamentario polo Partido Popular nesta cidade foi escaso.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

### **3.2(60).- APROBACIÓN DE CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS E ARITMÉTICOS, NA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS ORZAMENTARIOS, NÚMERO 01/2014. EXPTE. 2288/440 (884/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 8 de abril de 2014, os concelleiros de Fomento, Urbanismo, Deportes, Distritos, Emprego e Economía e Facenda, formulan o seguinte informe proposta:

#### “1.- Antecedentes:

O Pleno da Corporación Municipal aprobou en sesión ordinaria de data 23 de xaneiro de 2014 a modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que ten por finalidade dar aplicación ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao ano 2012, por un importe total de 5.900.000,00 €.

Entre outros aspectos as inversións previstas no ámbito da citada modificación de créditos, atópanse suxeitas o rigorosidade do principio de que tales investimentos deben cumprir co principio de “investimentos que sexan financeiramente sustentables ao longo da súa vida útil. Sobre este aspecto debemos referirnos que ditos criterios no momento de aprobación do expediente de modificación, atopábanse pendentes da determinación dos requisitos formais e os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable.

Coa publicación no BOE nº 46 de data 22 de febreiro de 2014 do Real Decreto-lei 2/2014, de 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica, procedese a través da disposición final primeira do citado RDL, a modificar o texto refundido da Lei Regulados das Facendas Locais, no cal se engade unha nova disposición adicional décimo sexta pola cal se estipulan os criterios polos que se determinan os requisitos que enmarcan os criterios para as “inversións financeiramente sostibles.

2.- Informes dos servizos xestores dos proxectos de inversións:

En base a necesidade de xustificación dos aspectos regulados pola citada D.A. 16ª do TRLRFL, os servizos xestores dos diversos proxectos de inversións, procederon a realización dos informes que se relacionan e anexan neste expediente:

α.Informe do Area de Fomento, de data 4 de abril de 2014, asinado polo Xefe da Area de Fomento e conformado polo Concelleiro Delegado da Area de Fomento.

β.Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 4 de abril de 2014, asinado polo Xefe do servizo de Electromecánicos, e conformado polo Concelleiro Delegado da Area de Fomento.

χ.Informe do Servizo de Educación, de data 7 de abril de 2014, asinado polo Xefe da Area de Fomento, a Aparelladora Municipal e conformado polo Concelleiro Delegado da Area de Educación.

δ.Informe do Servizo de Parques e Xardins, de data 7 de abril de 2014, asinado polo Xefe do Servizo de Parques e Xardins, e conformado polo Concelleiro Delegado da Area de Parques e Xardins.

ε.Informe do Servizo de Patrimonio Histórico, de data 7 de abril de 2014, asinado pola Xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, e conformado pola Concelleira Delegado da Area de Patrimonio Histórico.

φ.Informe do Servizo de Deportes, de data 7 de abril de 2014, asinado polo Director Deportivo, Xefe da Unidade Técnica, e conformado polo Concelleiro Delegado da Area de Deportes.

Nos informes mencionados, xustificanse os seguintes aspectos vinculados os criterios establecidos no D.A. 16ª do TRLRFL

a.- Aplicación orzamentaria das actuacións previstas en relación dos grupos de programas recollidos no anexo I da Orden EHA/3565/2008 de 3 de decembro, polo que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais e limitada polo punto 1 da DA 16ª do TRLRFL.

O punto 1 da D.A. 16ª do TRLRFL, establece un ámbito limitado para a aplicación orzamentaria dos grupos de programas, polo cal procede facer unha corrección de erros materiais en relación a definición dos seguintes grupos de programas contemplados inicialmente na modificación de créditos número 01/2014:

a.1.- Contido do expediente aprobado polo Pleno en sesión do 23/01/2014. Proxectos de inversión inicialmente incluídos no grupo 341. Promoción e fomento do deporte.

Aplicación	Proxecto	Proxecto de inversión. Denominación
34106320010	14341010	Obras de reforma da cuberta da grada de Río e actuacións de consolidación estrutural no Estadio municipal de Balaidos.
34106320011	14341011	Reposición e mellora do terreo de xogo de herba artificial e o sistema de rego para o campo de fútbol municipal de Samil
34106320012	14341012	Reposición e mellora do terreo de xogo de herba artificial e o sistema de rego para o campo de fútbol municipal de Travesas.
34106220013	14341013	Construción dun novo campo de fútbol 7 nas instalacións da ETEA e mellora dos accesos de seguridade no edificio de vestiarios anexo.

Estes catro investimentos están vinculadas a remodelación e mellora de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local destinados directamente o desenvolvemento do servizo público de competencia local, polo cal, deberá procederse a corrección do erro material da aplicación en relación o seguinte grupo de programa segundo o estipulado no punto 1 da D.A. 16ª do TRLRFL :

Contido que debe ter a aplicación de programa: 933. Xestión do patrimonio, coa seguinte clasificación:

Aplicación	Proxecto	Proxecto de inversión. Denominación
93306320010	14933010	Obras de reforma da cuberta da grada de Río e actuacións de consolidación estrutural no Estadio municipal de Balaídos.
93306320011	14933011	Reposición e mellora do terreo de xogo de herba artificial e o sistema de rego para o campo de fútbol municipal de Samil
93306320012	14933012	Reposición e mellora do terreo de xogo de herba artificial e o sistema de rego para o campo de fútbol municipal de Travesas.
93306220013	14933013	Construción dun novo campo de fútbol 11 nas instalacións da ETEA

a.2.- Contido do expediente aprobado polo Pleno en sesión do 23/01/2014 Proxectos inicialmente incluídos no grupo 321. Ensinanza preescolar e primaria

Aplicación	Proxecto	Proxecto de inversión. Denominación
32106320001	14321001	Obras de mellora da accesibilidade nos edificios dos colexios públicos

Este proxecto de inversión está vinculado a actuacións de reforma para a mellora das condicións de uso das infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local destinados directamente o desenvolvemento do servizo público de competencia local, polo cal deberá procederse a corrección da aplicación en relación o seguinte grupo de programa segundo o estipulado no punto 1 da D.A. 16ª do TRLRF:

Contido que debe ter a aplicación de programa: 933. Xestión do patrimonio, coa seguinte clasificación:

Aplicación	Proxecto	Proxecto de inversión. Denominación
93306320002	14933002	Obras de mellora da accesibilidade nos edificios dos colexios públicos



a.3.- Contido do expediente aprobado polo Pleno en sesión do 23/01/2014, Proxectos de inversión incluídos no grupo 336. Protección do Patrimonio Historico-Artístico.

Aplicación	Proxecto	Proxecto
3360.6190010	14336010	Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello

Contido que debe ter a aplicación de programa: 336. Protección do Patrimonio Historico-Artístico.

Aplicación	Proxecto	Proxecto
3360.6190010	14336010	Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rua Abeleira Menendez e a Praza de Argüelles.

b.- Cumprimento dos requisitos para ter a cualificación de investimentos do capítulo VI, da Orde de Economía e Facenda 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades ou de gasto corrente correspondente ao capítulo II da estrutura, e vida útil das inversións proxectadas (> 5 anos), así como o cumprimento do establecido no DA 16ª do TRLRFL, en relación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Valoración dos posibles ingresos o redución dos gastos xerados a través da vida útil das inversións propostas:

En relación a este apartado, os informes mencionados sobre os proxectos de inversións inicialmente contempladas na modificación de créditos número 1/2014, proceden a realización da corrección de erros aritméticos necesarios co obxecto de adecuar os proxectos de investimentos os requirimentos de ter a cualificación de “investimentos reais”, así como o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria a través da vida útil das inversións propostas.

En relación os axustes realizados polos servizos xestores para o cumprimento dos apartados anteriores, e de acordo cos informes adxuntos, nos cales se achegan as fichas do inventario dos bens municipais obxecto das actuacións dos investimentos vinculados a este expediente, procede a realización dos seguintes axustes aritméticos nos importes contemplados na modificación de créditos número 1/2014:

b.1.- Contido do expediente aprobado polo Pleno en sesión do 23/01/2014, sobre os cales se realizan as correccións aritméticas:

Humanización Ramón Nieto fronte o mercado de Cabral.	150.000,00 €
Obras de reforma e mellora dos equipamentos no parques biosaludables.	150.000,00 €
Mellora en parques infantís	265.000,00 €

Nova Pista polideportiva en Teixugueiras Navia.	140.000,00 €
---	--------------

b.2.- Contido que deben ter os proxectos despois das correccións aritméticas dos proxectos de investimentos:

Obras de reforma da cuberta da grada de Río e actuacións de consolidación estrutural no Estadio municipal de Balaidos.	1.365.000,00 €
Construción dun novo campo de fútbol 11 nas instalacións da ETEA.	437.000,00 €
Mellora en parques infantís	50.000,00 €

De acordo cos informes, todos os proxectos definitivos que se relacionan no presente informe, cumpren cos seguintes requisitos:

- Todos teñen a cualificación de investimentos do capítulo VI, da Orde de Economía e Facenda 3565/2008, de 3 de decembro. Se achegan nos informes de cada servizo, as fichas do inventario de bens municipais.
- Todas as inversións proxectadas teñen unha vida útil maior de 5 anos.
- Todos os proxectos contemplados cumpren cos obxectivos de estabilidade orzamentaria .
- Todos os proxectos son xeradores de aforro.
- Todos os proxectos son executables dentro do exercicio 2014.

d.- Cumprimento do establecido no DA 16ª do TRLRFL, en relación a condición de que a iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigas económicas derivadas da inversión executada se deberá executar antes da finalización do exercicio de aplicación (2014)

De acordo co cumprimento deste requisito, nos informes adxuntos, especificase que todas as actuacións cumpren coa obriga de que a inversión proposta poda ser executada antes da finalización do exercicio económico de aplicación.

3.- Relación definitiva dos proxectos de inversión da modificación de créditos 1/2014:

Polo exposto no presente informe e de acordo cos informes emitidos polas diferentes áreas xestoras dos proxectos de inversión previstos na modificación de créditos 1/1014, desprendese que coas propostas realizadas de corrección de erros materiais e aritméticos, todos os proxectos de inversión definitivos cumpren con todos os aspectos establecidos na DA 16ª do TRLRFL, pola cal se estipulan os criterios polos que se determinan os requisitos que enmarcan os criterios para as “inversións financeiramente sostibles, os cales quedan axustados a seguinte proposta que resume as adecuacións por corrección de erros

4.- Proposta:

A vista dos informes que compoñen o presente expediente e de acordo a necesidade de adecuación dos mesmos para a xustificación do establecido na D.A. 16ª do TRLRFL, procede a corrección de erros materiais e aritméticos dos proxectos de inversión

vinculados o expediente 2288/440, polo cal se aprobou a modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao ano 2012, por un importe total de 5.900.000,00 €.

Previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo...

Deseguido os concelleiros citados anteriormente formulan a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 21 de abril, tomou coñecemento de todo o anterior.

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a corrección de erros materiais en relación a definición dos seguintes grupos de programas:

a.1.- Contido do expediente aprobado polo Pleno en sesión do 23/01/2014. Proxectos de inversión inicialmente incluídos no grupo 341. Promoción e fomento do deporte.

Aplicación	Proxecto	Proxecto de inversión. Denominación
3410632001 0	14341010	Obras de reforma da cuberta da grada de Río e actuacións de consolidación estrutural no Estadio municipal de Balaidos.
3410632001 1	14341011	Reposición e mellora do terreo de xogo de herba artificial e o sistema de rego para o campo de fútbol municipal de Samil
3410632001 2	14341012	Reposición e mellora do terreo de xogo de herba artificial e o sistema de rego para o campo de fútbol municipal de Travesas.
3410622001 3	14341013	Construción dun novo campo de fútbol 7 nas instalacións da ETEA e mellora dos accesos de seguridade no edificio de vestiarios anexo.

Contido que debe ter a aplicación de programa: 933. Xestión do patrimonio, coa seguinte clasificación:

Aplicación	Proxecto	Proxecto de inversión. Denominación
9330632001 0	14933010	Obras de reforma da cuberta da grada de Río e actuacións de consolidación estrutural no Estadio municipal de Balaidos.
9330632001 1	14933011	Reposición e mellora do terreo de xogo de herba artificial e o sistema de rego para o campo de fútbol municipal de Samil
9330632001 2	14933012	Reposición e mellora do terreo de xogo de herba artificial e o sistema de rego para o campo de fútbol municipal de Travesas.
9330622001 3	14933013	Construción dun novo campo de fútbol 11 nas instalacións da ETEA

a.2.- Contido do expediente aprobado polo Pleno en sesión do 23/01/2014 Proxectos inicialmente incluídos no grupo 321. Ensinanza preescolar e primaria

Aplicación	Proxecto	Proxecto de inversión. Denominación
32106320001	14321001	Obras de mellora da accesibilidade nos edificios dos colexios públicos

Contido que debe ter a aplicación de programa: 933. Xestión do patrimonio, coa seguinte clasificación:

Aplicación	Proxecto	Proxecto de inversión. Denominación
93306320002	14933002	Obras de mellora da accesibilidade nos edificios dos colexios públicos

a.3.- Contido do expediente aprobado polo Pleno en sesión do 23/01/2014, Proxectos de inversión incluídos no grupo 336. Protección do Patrimonio Histórico-Artístico.

Aplicación	Proxecto	Proxecto
3360.6190010	14336010	Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello

Contido que debe ter a aplicación de programa: 336. Protección do Patrimonio Histórico-Artístico.

Aplicación	Proxecto	Proxecto
3360.6190010	14336010	Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menendez e a Praza de Argüelles.

**SEGUNDO:** Aprobar a corrección de erros aritméticos de acordo cos seguintes criterios:

b.1.- Contido do expediente aprobado polo Pleno en sesión do 23/01/2014, sobre os cales se realizan as correccións aritméticas:

Humanización Ramón Nieto fronte o mercado de Cabral.	150.000,00 €
Obras de reforma e mellora dos equipamentos no parques biosaludables.	150.000,00 €
Mellora en parques infantís.	265.000,00 €
Nova Pista polideportiva en Teixugueiras Navia.	140.000,00 €

b.2.- Contido que deben ter os proxectos despois das correccións aritméticas dos proxectos de investimentos:

Obras de reforma da cuberta da grada de Río e actuacións de consolidación estrutural no Estadio municipal de Balaidos.	1.365.000,00 €
Construción dun novo campo de fútbol 11 nas instalacións da ETEA.	437.000,00 €
Mellora en parques infantís	50.000,00 €

**TERCEIRO:** A relación definitiva dos investimentos da modificación de créditos 1/2014 coas correccións dos erros materiais e aritméticos propostas nos apartados anteriores e a seguinte:

Aplicación	Proxecto	concepto	parcial	Importe
1550.6190060	14155060	Mellora redes e renovación pavimentos no camiño Oia e Roza Oia		30.000,00
1550.6190061	14155061	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Eira Bella Saiáns		30.000,00
1550.6190062	14155062	Mellora redes e renovación pavimentos na entrada Marco Sardoma		27.000,00
1550.6190063	14155063	Mellora redes e renovación pavimentos Camiño Pinguela en Valadares		40.000,00

1550.6190064	14155064	Mellora redes e renovación pavimentos San Cosme Zamáns		65.000,00
1550.6190065	14155065	Humanización Rúa Dr. Canoa		230.000,00
1550.6190066	14155066	Humanización Praza en Martínez Garrido		290.000,00
1550.6190030	14155030	Mellora redes e renovación pavimentos subida a rola en S. Roque		50.000,00
1550.6190035	11155035	Remate humanización Rúa Menéndez Pelayo Fase II		50.000,00
1550.6190036	14155036	Humanización Rúa Toledo e entorno		190.000,00
1550.6190037	14155037	Mellora redes e renovación pavimentos en Lavadores	20000	170.000,00
		Rúa S. Paio Roteas	70000	
		Gandarón	10000	
		Camiño Fermín	70000	
		Bagunda		
1550.6190039	14155039	Mellora redes e renovación pavimentos camiño Fondo Castrelos		50.000,00
1550.6190040	14155040	Mellora redes e renovación pavimentos en Coruxo	90000	110.000,00
		Acceso ao Pavillón Municipal	20000	
		Camiño Gándara		
1550.6190041	14155041	Mellora redes e renovación pavimentos en Candeán	30000	64.000,00
		Subida a Madroa	34000	
		Rúa Manuel Costas Bastos		
1550.6190042	14155042	Mellora redes e renovación pavimentos Beade bembrive	55000	85.000,00
		Rúa Seixo	30000	
		Subida a Monteiro		
1550.6190043	14155043	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Atlántida Alcabre		50.000,00
1550.6190044	14155043	Humanización Baixada a Ríos e Dr. Corbal en Teis	85000	115.000,00
		Baixada a Ríos	30000	
		Dr. Corbal		
1550.6190045	14155045	Humanización Rúa Coutadas Teis		335.000,00
1550.6190046	14155046	Alonso Ojeda, Teis		240.000,00
1550.6190047	14155047	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Sta. Marina Cabral		30.000,00
1550.6190048	14155048	Humanización Rúa Pedreira fase II		50.000,00
1550.6190049	14155049	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa entrada a Balsa Matamá		30.000,00
1550.6190050	14155050	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Bravo en Navia		17.000,00
1650.6190002	14165002	Melloras enerxéticas sistemas de telexestión no rural		20.000,00
1710.6190010	14171010	Reforma e mellora do Parque infantil de Castrelos		390.000,00
1710.6190011	14171011	Melloras en Parques infantís Torrecedeira (Pavillón Berbes), Matamá (Ribas)		50.000,00
1710.6190013	14171013	Melloras e renovacion e equipamentos pistas polideportivas en Par. Públicos		220.000,00

		Lavadores	25000	
		Torreiro Coia	50000	
		Valadares	15000	
		Coutadas Teis	50000	
		Outras	80000	
9330.6320002	14933002	Obras de accesibilidade a colexios Públicos		300.000,00
		CEIP, Illas Cies	3000	
		“ A Dobrada	35000	
		“ Párroco D. Camilo	10000	
		“ Carrasqueira	35000	
		“ Pardo Bazán	35000	
		“ Otero Pedrayo	6000	
		“ Lope de Vega	20000	
		“ Santa Tegra	4000	
		“ Frián	35000	
		“ Sobreira	5000	
		“ Valadares-Igrexa	5000	
		“ García Barbón	3000	
		“ Balaídos	10000	
		“ Beade Coutadas	5000	
		“ Chans	10000	
		“ Santa Marina	5000	
		“ Ría de Vigo	15000	
		“ Mestres Goldar	35000	
		“ Eduardo Pondal	10000	
		“ Sello	4000	
		“ Sárdomna	10000	
9330.6320010	14933010	Investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos		1.365.000,00
9330.6320011	14933011	Reposición cespced artificial campo fútbol de Samil		235.000,00
9330.6320012	14933012	Reposición cespced artificial campo fútbol de Travesas		185.000,00
9330.6220013	14933013	Novo campo fútbol 11 nas Instalacións da ETEA		437.000,00
9330.6190010	14336010	Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rua Abeleira Menendez e a Praza de Argüelles.		350.000,00
<i>Total</i>				5.900.000,00

CUARTO: Publicar no BOP o acordo referido a corrección de erros materiais e aritméticos da modificación de créditos 1/2014.

#### 4.- PROPOSICIÓN MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## **5.- MOCIÓNS:**

### **5.1(61).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A RESOLVER O PROBLEMA DE CONVALIDACIÓN DOS TÍTULOS EXPEDIDOS NAS ENXEÑERÍAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO. EXPTE. 859/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de marzo de 2014, número 859/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Alvarez Pérez, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“A situación na que se atopan os enxeñeiros superiores, ao respecto da convalidación dos seus títulos académicos ao Plan Bolonia é, cando menos, preocupante.

A Universidade de Vigo conta con diversas titulacións técnicas e superiores que teñen un recoñecido prestixio galego, nacional e internacional: Telecomunicacións, Industriais, Minas, Forestais, etc. E existe un amplo colectivo de titulados nas mesmas, que teñen problemas para a súa convalidación académica.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Que por parte do Pleno da Corporación se inste o Goberno de España a resolver, da forma mais axeitada e rápida posible, o problema de convalidación dos títulos expedidos nas enxeñerías da Universidade de Vigo”.

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa



sesión ordinaria do 21 de marzo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: No 2005 a Conferencia de Ministros de Educación Superior da Unión Europea tomou a decisión de adoptar un marco comprensivo de cualificacións para o espacio europeo de educación superior, este marco contempla a existencia de tres ciclos, deixando a cada país a posibilidade de ciclos intermedios cuxa premisa son os resultados da aprendizaxe incluíndo unha cuantificación orientativa do número de créditos. O Parlamento Europeo en abril do 2008 aconsella aos estados a alienación dos seus sistemas de cualificacións, España ao igual que o resto de países membros, adquire o compromiso de deseñar e poñer en marcha o seu marco de cualificacións que sexa comparable co seu equivalente europeo. Este traballo encoméndaselle ao MECES, Marco Español de Cualificacións para Educación Superior, creado en xullo de 2007, sendo ministro de Educación a socialista a Sra. Mercedes Cabrera, e constituído no 2009, é no Real Decreto 861/2010 onde se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, miúda herdanza socialista nos deixaron.

Cal é o resultado de todo isto, creo que o podemos resumir no seguinte anuncio, “búscanse enxeñeiros e licenciados, abstéñanse españois”. Efectivamente a día de hoxe moitos dos nosos licenciados e enxeñeiros ven como non poden acceder a postos de traballo no estranxeiro polo mero feito de ser españois, e isto a que se debe? Pois simplemente a que o goberno do Sr. Zapatero non lle recoñeceu o seu título de licenciatura de enxeñeira a nivel internacional mediante o Decreto 1027/2011, porque se lles esqueceu. Así que imos profundizar un pouco máis, na Unión Europea existe o sistema de cualificacións EQF, tendo para as ensinanzas superiores tres niveis, EQF6-Grado, EQF7-Máster e EQF8-Doutorado. Nós co Mecés resulta que temos catro, practicamente en toda Europa foron a un sistema de tres anos máis dous, mentres que en España, non sabemos por que, fómonos a un sistema de catro anos máis un.

En toda Unión Europea recoñecese como Máster todas aquelas carreiras con unha

duración lectiva de ao menos cinco anos ou trescentos créditos, todas menos España pois esquecéronse das antigas titulacións prebolonia, claro que se vas nadar coas olimpíadas mellor facelo cunha mochila chea de pedras non vaias a destacar sobre o resto e a ser posible que esa mochila cha entregue o teu propio país.

O maior impacto nesta medida téñeno os enxeñeiros, por unha cuestión tradicional de traballar en proxectos no estranxeiro, canais, camiños, industria, telecomunicacións os cales teñen que ser asinados por profesionais cualificados, e aí nese punto de profesional cualificado é onde se ten o problema, é dicir, neste momentos gracias ao goberno socialista do Sr. Zapatero, aos enxeñeiros superiores non se lles recoñece como máster EQF7, o que si fai, practicamente toda a Unión Europea, senón como grado e aos enxeñeiros técnicos non se lles recoñece como grado senón que están nun limbo indeterminado que para saír del necesitan facer un curso ponte.

Este problema ten dúas vertentes, a primeira a dificultade engadida a un español para traballar no estranxeiro debido a non homologación do seu título segundo os criterios marcados pola Unión Europea, debido a que dende o Goberno Socialista do Sr. Zapatero esquecéronselle as antigas titulacións, miúdo despiste. Pois si, un enxeñeiro español ten dificultades para ser contratado por empresas de outros países debido a un despiste.

A segunda, é a rebaixa na competitividade das empresas españolas, que esta inxusta homologación de título supón, cando unha compañía española se presenta a un concurso internacional co seu equipo de profesionais españois, estes son considerados e valorados nas puntuacións de ditos concursos como Grado en vez de como Máster, o que reduce significativamente e continuamente as posibilidades de triunfo das empresas españolas fronte ás estranxeiras, por exemplo, houbo empresas españolas con licitacións en Bogotá, Colombia que as perderon. Como o solucionaron “a posteriori”? Moi fácil, prescindindo dos enxeñeiros españois e contratando enxeñeiros locais, franceses, italianos ou de outros países da Unión Europea.

En España atendendo ao número de colexiados, hai máis de 200.000 afectados, só da Universidade de Vigo vense afectados máis de 14.000 enxeñeiros sen contar a todos aqueles licenciados ou titulados antes de 1990. Actualmente o goberno do Sr.

Rajoy está intentando solucionar o problema e aínda que se deron grandes pasos co borrador presentado polo ministro o Sr. Wert, consideramos que este é mellorable e que este é o momento para facelas achegas adecuadas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A min dábase a impresión de que estábamos volvendo para atrás na historia, eu debín perderme algo destes últimos anos, porque non sei quen está gobernando dende hai xa bastantes anos en Galicia e en España. Señor concelleiro do Partido Popular se o Sr. Zapatero tivo un despiste arránxeno, cantos anos leva gobernando o Partido Popular? Quérolle dicir que en dous anos xa tiveron tempo de arranxar un despiste, digo eu.

Vámoslle a dicir que dende o Bloque Nacionalista Galego queremos que os nosos enxeñeiros teñan as validacións necesarias, pero vostede na súa moción repite algo que é moi sintomático para que podan traballar fora, nós queremos que os nosos enxeñeiros teñan posto de traballo na nosa terra, que os nosos enxeñeiros que están tremendamente ben preparados podan ter traballo en Galicia, en España e que non teñan que emigrar, iso é o primeiro que o Partido Popular tería que terse preocupado e non facer as políticas de emprego que está facendo, que levan a que os nosos mozos/as teñan que emigrar, iso é o primeiro.

A verdade é que nos teñen vostedes acostumbrados a traer aquí mocións, nas que estamos de acordo, pero que teñen unha competencia e un destinatario claro que non pode ser o Concello de Vigo, que teñen que ser o seus compañeiros do Partido Popular tanto na Xunta de Galicia como no goberno do Estado, porque son eles os que o poden facer. Cando logo estes temas, señores do Partido Popular, chegan ao Parlamento do Estado como fixo a nosa deputado a Sra. Rosana Pérez, presentando unha proposición non de lei para que se acaban estas diferencias dos nosos titulados, cando a nosa deputada no Parlamento do Estado Español, fai unha pregunta, o Sr. Wert contéstalle dunha forma totalmente ambigua que non podía ser máis parca. O Sr. Wert diante deste problema tan urxente para vostedes aquí lle contesta “en próximas fechas esperamos tener una propuesta”, esta é a contestación literal por iso a lin en castelán que o Sr. Wert lle contesta a nosa deputada, é dicir, vostedes presentan mocións aquí que logo os seus compañeiros, conselleiros de Educación, ministros non son capaces de defender no Parlamento do Estado Español que é aí onde hai que solucionalo.

O Sr. Wert e o Partido Popular nos últimos anos tiveron moita celeridade en aplicar recortes no ensino público, tiveron moita celeridade en aplicar unha LONCE que está acabando co ensino público e coa participación democrática no ensino público do noso país, teñen moita celeridade para subvencionar o ensino privado e recortar ás universidades, vostede falaba dun despiste do Sr. Zapatero, voulle lembrar que a Universidade de Vigo quedou sen poder recibir cartos para unha patente por culpa dun despiste inexplicable da propia Xunta de Galicia e da Consellería de Educación.

Moita celeridade para recortar ás universidades públicas e en cambio con este tema que vostede trae hoxe aquí “esperamos tener una propuesta en próximas fechas”. Dígalle ao seu conselleiro de Educación que lle esixa dunha vez por todas ó Sr. Wert que se arranxe este problema, e non traian vostedes aquí unha moción despois de que un enxeñeiro de Vigo, o Sr. Diego Álvarez que o quero felicitar, puido reunir 38.000 sinaturas e despois ademais de que existiu un acordo unánime no Parlamento Galego esixíndolle xa naquel tempo ao Goberno Español que fixera os deberes. O Sr. Wert non fixo eses deberes e que a verdade que si o despiste foi do Sr. Zapatero o Sr. Rajoy, despiste e medio.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Certamente unha moción coa que estamos de acordo e que a que nós presentamos unha emenda de engádeda, pero o relator do Partido Popular entrou nalgunha cuestión que merece a pena responder, en tanto en canto, eu o que teño que dicir primeiro, que reivindico todo o goberno e tódalas accións de goberno que presidiu o Sr. Zapatero, un dos mellores presidentes socialistas deste país.

En segundo lugar, porque ese goberno facíase responsable dos seus acertos e dos seus erros e miren vostedes señores do Partido Popular teñen un presidente, o Sr. Feijóo gobernando na Xunta de Galicia e outro en España que e a culpa non é deles, a pregunta é para que os queremos se eles non teñen a culpa de nada, nin poden facer nada, para que os queremos? Para que queremos ao Partido Popular gobernando en España e en Galicia co Sr. Rajoy e co Sr. Feijóo.

Polo tanto, iso da herdanza creo que está moi visto e dende logo a súa proposta quédase escasa e por iso propoñemos a emenda. Vostedes levan gobernando dous anos e só se lles ocorreu quitar agora en marzo de 2014 un borrador de decreto

que é claramente insuficiente para o que aquí se está a pedir.

Certamente ese proxecto de Real Decreto, que contén os criterios de homologación de títulos estranxeiros tamén aos españois e que delega na Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e da Acreditación, a tarefa de redactar un informe sobre a correspondencia dos títulos, tamén da arquitectura, de enxeñería, de licenciatura ao Grado tres e tamén da arquitectura técnica, enxeñería técnica e diplomatura ao nivel dous, para remitir a Secretaría de Estado de Educación este informe preceptivo e determinante, iso é o que pon ese borrador de Real Decreto dous anos despois de gobernar vostedes; que terían despois un prazo de tres meses, se non o fai, todo ese proceso de equiparación tería que durar como máximo seis meses e segundo o proxecto podería suspenderse a discreción da propia Secretaría de Estado, fíxese vostedes o que poñen nese borrador. Ademais a Dirección Xeral de Política Universitaria acordaría 20 días hábiles de información pública, período no que calquera persoa física ou xurídica podería examinar o expediente e formular alegacións.

Por iso, consideramos que con este Real Decreto non se resolve o problema adecuadamente, vostedes que levan gobernando aí e despois de dous anos o que propoñen non lle satisfai porque non está resolvendo o problema, porque este proceso pode ser demasiado longo e trapalleiro, e o feito de confialo á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e da Acreditación non ofrece ningunha garantía de que a correspondencia dos títulos prebolonia a nivel de máster se vaian aprobar, nin de seguridade xurídica, tendo en conta que existen sentencias que anulan acordos e disposicións desta axencia relativas a titulacións nacionais. Así mesmo, consideramos que a equivalencia debe realizarse no marco europeo cunha estrutura de niveis distinta. Pois ben, á vista de esta exposición que facemos dende o Grupo Municipal Socialista queda claro que existe a necesidade que aqueles titulados prebolonia que desexen desenvolver a súa actividade profesional no estranxeiro, poidan facelo con pleno recoñecemento das competencias que se lle atribúen a súa respectiva titulación, para o cal propoñemos o seguinte: Primeiro, establecer no marco europeo de cualificacións unha equivalencia ao mesmo nivel para Máster de enxeñeiro, arquitecto e licenciado por unha banda, e para Grado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico e diplomado por outra, na liña da proposta do goberno pero mediante un Real Decreto tramitado de forma áxil e efectiva.

Establecer condicións obxectivas para a adaptación directa das titulacións prebolonia ás equivalentes profesionalmente cuxas competencias profesionais son as mesmas segundo as ordes ministeriais en vigor de Grado e Máster, sempre que se xustifiquen condicións de experiencia profesional e formación complementaria avaliadas de forma individualizada e flexible.

Creemos que con isto e de forma urxente e inmediata se solucionaría o problema, vostedes son os que están gobernando e son os que o teñen que facer, non voten a culpa aos demais.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Rodríguez Díaz, claro que nós estamos gobernando e que estamos solucionando o problema que nos deixaron, nestes momentos tense un anteproxecto para solucionar o problema, tense algo mellor que o que había e o que había era nada. Que sucede? Que o que hai é susceptible de mellora e para iso estamos aquí debaténdoo para melloralo.

Saiba que imos aceptar a súa emenda de engádeda para engadila á nosa moción para que podamos solucionar isto o antes posible nese sentido.

Sr. Domínguez Olveira, 14.000 enxeñeiros parece ser que non lle interesan a vostedes para nada na cidade de Vigo, afectados máis de 1.000 empresas, creo que non entendeu a transcendencia e a complexidade do problema que temos enriba da mesa, poderíallo explicar cun pouco máis devagar pero non me ían chegar os tres minutos de tempo, en inglés, en italiano e en alemán se fai falla. Sr. Domínguez, non pode vir aquí é dicir que tódolos nosos enxeñeiros teñen que traballar en Galicia, nun ámbito local, vostede non sabe que historicamente as carreiras de enxeñería non só en Vigo, en Galicia, en España son carreiras totalmente internacionalizadas, non podemos ter a tódolos enxeñeiros de camiños construíndo pontes en Galicia, non habería suficientes pontes, nin presas, nin aeroportos aínda que lles gustase, nin tampouco podemos establecer vinte compañías de telecomunicacións aínda que nos gustaría, non é posible, o mercado é algo completamente imposible e non é unha cuestión da crise, eu lembro de toda a vida nas escolas de enxeñería e compañeiros meus xa polo anos 90 era moi habitual irse a países como Oriente Medio, China, Xapón, Estados Unidos, Sudamérica a traballar e iamos contentos e con moito orgullo de ser españois, Sr. Domínguez Olveira, esquézase dos localismos e abra os ollos dunha vez, esta

moción está aquí para instar ao goberno de España a mellorar o proceso que comezou para dar solución a un problema grave que se cerne nestes momentos nas titulacións de enxeñería prebolonia de España. Estamos aquí dar solucións este é o momento de apoiar a Vigo, aos seus cidadáns, as súas empresas, de facer política, é o momento que teñen para demostrar que lles importan os problemas dos cidadáns e das súas empresas, por iso, dende o Partido Popular vémonos na obriga de presentar esta moción instando ao Goberno a resolver o problema da convalidación dos títulos prebolonia expedidos polas enxeñerías das Universidade de Vigo e por extensión de calquera universidade.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, presenta a seguinte emenda de engádeda.

- Proponse engadir ó parágrafo de acordos o seguinte texto:

- Establecer no Marco Europeo de Cualificacións unha equivalencia ao mesmo nivel para Máster e Enxeñeiro/Arquitecto/Licenciado por unha parte, e para Grao e Enxeñeiro Técnico/Arquitecto Técnico/Diplomado por outra parte, na liña da proposta do Goberno, pero mediante un Real Decreto tramitado de forma áxil e efectiva.
- Establecer condicións obxectivas para a adaptación directa das titulacións pre-Bolonia ás equivalentes profesionalmente (cuxas competencias profesionais son as mesmas segundo as ordes ministeriais en vigor) de Grao e Máster, sempre que se xustifiquen condicións de experiencia profesional, formación complementaria, etc. avaliadas de forma individualizada e flexible.

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Alvarez Pérez, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA DO GRUPO SOCIALISTA: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito , adóptase o

seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular Sr. Alvarez Pérez, engadindo a emenda presentada polo concelleiro do grupo municipal Socialista, resultando o seguinte texto:

1.- Que por parte do Pleno da Corporación se inste o Goberno de España a resolver, da forma mais axeitada e rápida posible, o problema de convalidación dos títulos expedidos nas enxeñerías da Universidade de Vigo.

2.- Establecer no Marco Europeo de Cualificacións unha equivalencia ao mesmo nivel para Máster e Enxeñeiro/Arquitecto/Licenciado por unha parte, e para Grao e Enxeñeiro Técnico/Arquitecto Técnico/Diplomado por outra parte, na liña da proposta do Goberno, pero mediante un Real Decreto tramitado de forma áxil e efectiva.

3.- Establecer condicións obxectivas para a adaptación directa das titulacións pre-Bolonia ás equivalentes profesionalmente (cuxas competencias profesionais son as mesmas segundo as ordes ministeriais en vigor) de Grao e Máster, sempre que se xustifiquen condicións de experiencia profesional, formación complementaria, etc. avaliadas de forma individualizada e flexible.

**5.2(62).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A VALORAR A ATENCIÓN QUE SE VEN PRESTANDO ÓS AFECTADOS DE LESIÓNS MEDULARES NA ÁREA DE VIGO E ANALIZAR A VIABILIDADE DUNHA UNIDADE DE SEGUIMENTO NA EOXI DE VIGO. EXPTE. 877/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de abril de 2014, número 877/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular,



Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“O censo actual de persoas con lesión medular en Galicia constata que a metade deles corresponden a zona sur da Comunidade, grande parte deles derivados de accidentes de tráfico ou laborais, e que van precisar de cuidados específicos e continuados o longo da súa vida.

Actualmente, só existe no CHUAC unha unidade especial de atención a grandes lesionados medulares, non contando na zona sur con ningunha unidade específica para esta asistencia, polo que o seguimento médico desta doenza conleva desprazamentos periódicos o longo da vida, a mais de que en moitas ocasións as familias non podan facer fronte ao gasto que conleva o acompañamento dos pacientes.

A demanda de atención a lesionados medulares no sur non é nova, pois xa no ano 2008 o partido popular realizou a proposta de creación dunha unidade especial de atención a lesionados medulares no novo hospital que se tiña proxectado en Vigo, e que agora visualízase xa como unha realidade tanxible.

Por todo elo, o grupo popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

#### ACORDO:

Instar a Xunta de Galicia a valorar a atención que se ven prestando os afectados de lesións medulares na área de Vigo e analizar a viabilidade dunha unidade de seguimento na EOXI de Vigo.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 21 de abril de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE.-

SRA. CENDÓN ALONSO: Retomamos hoxe dende o Partido Popular unha proposta que hai máis de seis anos veu a este Pleno e foi tamén ó Pazo de Horreo, unha proposta que foi rexeitada polos partidos aquí presentes, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Pero hoxe albergamos máis esperanzas de éxito porque o aloxamento das responsabilidades de goberno na Xunta de Galicia parece que fixeron recuperar a sensibilidade destes grupos polas reivindicacións

cidadás.

A lesión medular aténdese en primeiro termo nas UCIs dos hospitais xerais da nosa comunidade autónoma e trala estabilización dos pacientes pasan a unhas unidades específicas e superespecializadas que prestan atención integral durante varios meses, no caso dos vigueses, nestes casos afastados dos seus domicilios o que prolonga aínda máis as estadias hospitalarias e co desarraigo que iso leva consigo.

Dispoñemos en España para o tratamento específico da fase aguda do que estou falando, dos lesionados medulares, de dous hospitais monográficos e de once unidades especiais dispersas nas comunidades autónomas. Na nosa comunidade autónoma dende os anos oitenta temos unha unidade de lesionados medulares no hospital de A Coruña que conta con coidados altamente cualificados, con tódalas prestacións e as dotacións necesarias, é unha magnífica unidade, conta coa satisfacción dos usuarios, é certo. Sei perfectamente que esta unidade está dimensionada para prestar atención non só a tódolos galegos senón podería ampliar a súa área de referencia con outras comunidades próximas. Sei tamén que o ratios actuais non avalan a necesidade de crear unha segunda unidade especial en Galicia para tratar a fase aguda da enfermidade, pero non é isto o que veño a pedir, o que pedimos e o que vimos a demandar é que o seguimento crónico destes pacientes que é de por vida, poida facerse en Vigo, preto dos seus domicilios.

Requírense ao menos cen novos casos para que o rendemento dunha unidade especial sexa óptimo, teríamos para iso que multiplicar máis do dobre a poboación da comunidade autónoma, o que máis me preocupa, se isto é certo, e moito máis certo que unha unidade nesas condicións, unha segunda unidade tería o perigo da diminución da calidade e da seguridade da asistencia prestada aos lesionados medulares ao non poder garantir nin a experiencia, nin a pericia dos profesionais que manexan a estes doentes.

O número de ingresos na Unidade de Grandes Lesionados Medulares de A Coruña descende cada ano, cunha ocupación neste momento do 40%. Os datos non indican que a tendencia poda mudar porque a metade dos casos proceden de accidentes de tráfico e estes afortunadamente están a diminuír, a diminución demográfica de Galicia é un feito, e o resto dos doentes proceden de accidentes laborais, construción e naval fundamentalmente que sabemos que caeron en

picado coa diminución da actividade, só se manteñen os pacientes que proceden de prácticas de deportes de risco.

Así as cousas, parece que temos garantida a atención sanitaria na fase aguda da lesión medular, pero a problemática social e socio-sanitaria duns doentes que permanecen meses ingresados, afastados da familia e do entorno afectivo preciso, para afrontar de modo satisfactorio un cambio tan brutal nas súas vidas, obríganos a facer un esforzo para mellorar as dificultades coas que se están a atopar. Se é certo que a incidencia de novos casos caeu en Galicia tamén é certo que a prevalencia, dado que é unha enfermidade de por vida, mantense na área de Vigo, é isto precisa dunha reordenación do seguimento, que dende aquí faise o seguimento pero non está protolizado como se ten que executar.

Demandan os colectivos de afectados dispoñer na área de Vigo de profesionais da referencia adestrados no manexo das complicacións desta doenza crónica, a maior parte delas como o sedamento que manteñen durante toda a súa vida, poda facerse aquí e debe facerse aquí, non hai ningunha necesidade de desprazalos fora da EOXI de Vigo, e isto é o que vimos a demandar nesta proposta, instar a Xunta de Galicia a valorar a atención que se ven prestando ós afectados de lesións medulares na área de Vigo e analizar a viabilidade dunha unidade de seguimento na EOXI de Vigo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Como o seu compañeiro dicía que eu non entendía nada, a verdade e que hai cousas que sego sen entender, e debe ser problema meu, seguro que si.

Eu sego sen entender como é posible que vostede diga que en Galicia só hai unha unidade de lesionados medulares e que abrir unha nova en Vigo, preto de onde, segundo acaba de dicir vostede, hai a mellor prevalencia destes lesionados, abrir unha nova sería reducir a calidade asistencial, non o entendo. En cambio despois vostede di que unha unidade de seguimento para seguir o control si que sería unha maior calidade asistencial, non o entendo, ao mellor na súa réplica mo explica mellor ou en inglés ou en alemán a ver si así o entendemos, é dicir, a maior prevalencia destes lesionados está na área do EOXI de Vigo, e resulta que crear unha nova unidade aquí, pode ir en prexuízo da atención e da calidade da atención, non o entendo, porque o que hai é que poñer recursos, Sra. Cendón, o que hai é

que falar exactamente igual cando se está na oposición de que cando se está no goberno. É increíble que vostedes traian aquí unha moción que di “lle instamos á Xunta de Galicia a que analicen a viabilidade desa unidade de seguimento”, nin sequera lles esiximos a que a implante. Imos ver, Sr. Feijóo e Sra. Conselleira de Sanidade estuden vostedes, a ver si é viable ou non viable.

Iso non é o que o Partido Popular dicía no ano 2008, seica naquel momento non analizaron vostedes nada, porque o Sr. Santalices, vostede coñéceo moi ben que é compañeiro do seu partido, dicía no 2008 “o representante do Partido Popular pediu á conselleira de Sanidade”, por aquel entón a Sra. María José Rubio, “que tome en serio estas propostas” a de poñer unha nova unidade en Vigo no novo hospital, e que “deje a un lado la doble moral de defender la mejora del sistema sanitario gallego por un lado y por otro, no hacer caso de las peticiones de los consistorios” isto dicía o Sr. Santalices, non falaba dunha unidade de seguimento, falaba dunha nova unidade no novo hospital de Vigo. Agora entendemos, a pesares do que o Sr. Álvarez seguirá dicindo que non entendo nada, agora entendemos que o que para antes era unha necesidade agora non o é, porque o novo hospital agora é privado. Polo tanto, imos pedirlle poucas cousas non vaia ser que a empresa privada que lle regalamos o novo hospital de Vigo, vaia perder cartos implantando novas modalidades que vostedes, Sra. Cedón, reclamaban, nada máis e nada menos que hai seis anos, é dicir, se hai sei anos o voceiro do Partido Popular en materia de sanidade dicía que había que instalar, instaurar unha nova unidade non novo hospital, despois de seis anos aínda vostede lle pide ao Sr. Feijóo que avalíen a viabilidade, pois non, aquí non valen medias tintas para non enfadar aos xefes políticos.

Como nós, os nosos xefes políticos non os temos nin que enfadar e desenfadar, senón que actuamos por criterios que teñen ver co mellor para esta cidade, e polo que presentamos unha emenda de substitución que di exactamente o mesmo que dicía o Sr. Santalices, hai nada máis e nada menos que seis anos. Nós presentamos unha emenda de substitución que di “instar á Xunta de Galicia a implantar unha nova unidade de lesionados medulares nas novas instalacións do novo hospital de Vigo”, isto é exactamente o que pedía o Sr. Santalices hai seis anos. Agardo que sexan vostedes coherentes, que acepten esta emenda para votar a favor do mesmo que pedía o Sr. Santalices hai seis anos.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Non me estraña que o Sr. Domínguez Olveira non haxa entendido nada, non porque lle falaran en castelán ou en galego ou en alemán, senón porque a moción da Sra. Cendón foi confusa, profusa e difusa e realmente iso leva a incoherencia interna da propia moción. Unha moción que dito de principio eu apoio totalmente en nome do Grupo Socialista, e digo que é incoherente porque se a Sra. Cendón houbera chegado aquí e houbera proposto unha moción dicindo que se avaliasse a situación da atención á patoloxía medular e propuxese unha unidade de seguimento, creo que sería unha posición correcta que sen ningunha dúbida sería coherente, esquecéndose da situación que o propio Partido Popular que, como vostede dixo Sr. Domínguez Olveira, propuxo ao Pleno e a Comisión do Parlamento no ano 2008, en catro ocasións diferentes, non unha senón en catro a través das proposicións non de lei de 28/47 e a 30/32 etc. o que pedía explicitamente como vostede ben di é unha unidade de lesionados medulares agudos. Polo tanto, non tiña a Sra. Cendón porque basearse nesta petición que nada ten que ver co que fai nesta moción. Polo tanto, hai unha incoherencia interna e unha linguaxe confusa para intentar xustificar o inxustificable e iso realmente nin é un criterio político, nin é un criterio serio, nin é un criterio de rigor.

Polo tanto, se que estou de acordo, Sra. Cendón, creo que o que fai falla en Vigo, no hospital, é unha unidade de seguimento dos lesionados medulares, por que motivo e non unha unidade de agudos? Porque primeiro, temos unha gran unidade de agudos en Galicia, que está situada no hospital de A Coruña. Segundo porque os criterios das unidades de referencia teñen que ser de dous tipos: un, o establecemento de procedementos existenciais de excelencia con suficiente masa crítica para xerar coñecemento e o tipo de estratexia organizativa que permita a integración do método científico nos seus procesos asistenciais. No caso concreto das Unidades de Lesionados Medulares, o modelo que resultou máis frutífero a nivel internacional é aquel baseado en tres criterios principais, unha agrupación de modelos lesionais, unha concentración suficiente de casos e un modelo organizativo asistencial, que permita integrar o método científico no procedemento clínico asistenciais e os criterios neste caso para as unidades debe haber unha unidade de agudos por cada seis ou sete millóns de persoas segundo criterios internacionais. Polo tanto, non cabe unha unidade máis en Galicia de agudos de

atención ao paciente medular agudo. Si que estou de acordo coa Sra. Cendón de que dispersar os casos xera peor calidade, maiores custes e maiores ineficiencias. Polo tanto, neste caso, apoiamos totalmente a petición de unha unidade de seguimento dos pacientes medulares que anteriormente foran tratados en unidades de agudos.

Quero dicir neste sentido que a Sra. Cendón sabe de sobra ou debera saber de sobra, que no ano 2008 houbo un Congreso en Santiago de Compostela patrocinado polo SERGAS, que nel momento tiña o honor de dirixir eu, onde quedou claro o proceso das unidades de seguimento e unha delas estaba en Vigo, na Consellería de sanidade está ese documento, recupéreno e aplíqueno, que é o que non fixeron durante cinco anos. Polo tanto, o que pide estaba previsto planificalo para o novo hospital de Vigo.

Non estamos de acordo na petición que fai o Bloque Nacionalista Galego relativo á petición de una unidade de agudos e si estamos de acordo na petición dunha unidade de seguimento de lesionados medulares na área de Vigo.

SR. CENDÓN ALONSO: Está claro que o Sr. Domínguez non entendeu o que eu quería dicir. A que si me entendería sería a Sr. Méndez, que mantén exactamente a mesma postura que manteño eu, debe ser que non estou moi coordinada co voceiro do Partido Popular o Sr. Santalices e non entendo o que el viña a pedir.

O que el viña a pedir que era o seguimento destes pacientes se puidera facer en Vigo, o que el viña a pedir era unha unidade para o novo hospital. Esa nova unidade no hospital de Vigo teño que dicir que está garantida porque o hospital de Vigo leva unha unidade de neurorehabilitación na que teñen que ter entrada estes pacientes, estamos falando, que é o mesmo que ven a dicir o Sr. Rodríguez Escudero, de que a fase aguda está garantida, fai falla un soporte sociosanitario para esta fase aguda, pero non atención sanitaria. O seguimento no novo hospital vaise facer pero eu o que veño a pedir é que se poda adiantar á apertura do hospital, porque neste momento hai profesionais perfectamente adestrados neste hospital para facelo. Mudaron bastantes as cousas dende o 2008, caeu a incidencia en picado, estamos por debaixo de 100 ingresos novos, tamén mudaron as cousas porque temos máis facilidades para facelo seguimento destes pacientes, temos unha historia electrónica que ten o historial de tódolos pacientes e pódono visionar

os facultativos en A Coruña, en Lugo, Ourense e en Pontevedra, co cal o seguimento só precisa dunha coordinación, dun facultativo aquí que coordine onde teñen que resolverse as complicacións máis habituais destes pacientes, complicacións que non teñen porque ir A Coruña, estamos falando de úlceras decúbito, de problema urolóxicos, de dolores de costas, estamos falando de complicacións que teñen que ser atendidas aquí, están sendo atendidas pero sen coordinación, os colectivos o que demandan son uns referentes claros, e temos profesionais que incluso proceden da unidade especial de A Coruña traballando aquí, iso é o que temos que aproveitar e é o que demandan neste momento os colectivos. Nós facémonos eco desta demanda.

Antes falaba o Sr. Domínguez de sinaturas en internet pedindo a homologación, eu fállolle tamén de sinaturas en internet pedindo esta unidade de seguimento, levo recollidas 20.000 sinaturas para esta petición e nós solidarizámonos con este colectivo e pedimos que o seguimento se faga dende xa.

**PRESIDENCIA:** Entendo que non aceptan a emenda do Bloque Nacionalista Galego polo tanto procedemos á votación da moción.

**VOTACIÓN:** Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, instando á Xunta de Galicia a valorar a atención que

se presta ós afectados de lesión medulares na área de Vigo, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.3(63).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A RECONSIDERAR A APLICACIÓN DO 21% DE IVE PARA OS SERVIZOS DE PEITEADO E APLICARLLE O TIPO REDUCIDO DO 10%. EXPTE. 871/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de abril de 2014, número 871/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os salóns de peiteado son pequenos negocios formados por un autónomo e un ou dous traballadores, o 85 % deles rexentados por mulleres. É un sector que agrupaba en 2011 a 48.000 salóns, nos que, de forma directa, traballaban 120.000 persoas, a nivel estatal.

A crise económica que dende 2008 afecta ao global da economía situara nese ano a moitos deles nunha situación comprometida, debido, sobre todo, á baixada de afluencia de clientes e ao menor número de servizos realizados.

Como consecuencia desta situación, moitos salóns víronse obrigados nese momento a realizar importantes axustes no seu nivel de prezos e, en consecuencia, nas súas marxes, co fin de frear a importante caída de clientes e intentar, como tantos sectores, seguir co seu negocio e manter os postos de traballo. En setembro do 2012, non obstante, entrou en vigor unha nova medida xeral adoptada polo Goberno consistente en incrementar o IVE do sector do 8% (vixente ata o 31 de agosto de 2012) ao 21 %.

A importante suba de 13 puntos representou para estes salóns o seu afundimento definitivo. Os motivos son claros:

- Os salóns que trasladaron a suba viron desaparecer os seus clientes, que non estiveron dispostos a pagar un incremento tan desmesurado nas tarifas de prezos, nunha época onde toda a economía estivo e está a rebaixalos.
- Os salóns que non trasladaron a suba encontráronse con que foron eles que



asumiron a suba de impostos para, finalmente, presentar fortes resultados negativos (a marxe media dun salón é netamente inferior ao 13 %) que, finalmente, precipitaron a caída e o peche dos seus negocios.

As cifras xerais son moi preocupantes. Durante 2013 pecháronse máis de 8.000 salóns en España e perdéronse 20.000 postos de traballo; en Vigo pecháronse 150 salóns e perdéronse 375 empregos. As previsións para o 2014 apuntan a unha nova perda de 5.600 empresas e a outros 14.000 empregos directos. En dous anos este sector reduciuse un 28%, co conseguente impacto colateral noutros sectores que, de forma indirecta, están relacionados con el (empresas de subministracións de produtos, de aparatoloxía, de mobiliario etc.). Mentres tanto, recentemente (xaneiro 2014), o Goberno anunciou a rebaixa impositiva do 21 % ao 10 % nas transaccións de obxectos de arte e anticipa unha rebaixa do IVE cultural como medida para incentivar o seu consumo aludindo a que é moi importante para a economía española.

Ao noso entender, o sector dos salóns de peiteado non só é relevante dende o punto de vista numérico, que o é e moito, senón tamén dende o punto de vista social. Forma parte do tecido empresarial do país, é un sector de pequenos empresarios e emprendedores que manteñen, aínda hoxe, un número importante de empregos e que, ademais, é dos poucos sectores que están rexentados por mulleres na súa práctica totalidade.

Cremos que se os obxectos de arte obtiveron unha consideración especial, o salón de peiteado tamén merece ser tida en conta.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO

- Instar o Goberno a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de peiteado e volver aplicar o tipo reducido do IVE do 10% aos devanditos servizos.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 21 de abril de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. LÓPEZ FONT: A política de recortes levada polos Gobernos do Partido Popular, as políticas de austeridade a día de hoxe e para todos, foron un fracaso. Este é un recoñecemento que se fai dende tódolos sectores, a marca xa a temos e a denominación, o “austericidio” ao que fomos sometidos afundiú aos españois. Os

recortes dos que falaba anteriormente e esa política de austeridade empobreceu aos españois economicamente e sobre todo no relacionado co emprego. Neste conxunto de políticas negativas destaca unha moi especial e é a moción que traemos hoxe ao Pleno que é o incremento en distintos porcentaxes do IVE que decidiu o goberno do Partido Popular.

Tamén esta política de incremento de IVE foi rexeitada de forma xeralizada e é evidente que tivo grave prexuízos para tódolos sectores, pero é certo que especialmente para algúns. Neste sentido é moi importante o grupo ao que se someteu a un incremento de trece puntos de IVE, pasando do 8 ao 21%, os exemplos, a parte do que traemos na moción, lembrar todo o relativo a material escolar, o relacionado coa cultura pero tamén coa hostalería, coas persoas físicas que prestan servizos de deporte, incluso asistencia sanitaria e servizos funerarios, é o mellor exemplo de ataque, de pasar do 8 ao 21% e que esnaquizou gran parte destes negocios. É precisamente ese marco xeral ao que me refería anteriormente o motivo da presentación da nosa moción, porque tratamos dun sector moi específico, o de salón de peiteados que se mobilizou en todo o Estado Español e que a medida que se adoptou de pasar do 8 ao 21% de IVE, é unha medida incomprendible, é como nos outros sectores que tamén sufriron este incremento do 13% de IVE, é unha medida que levou á destrución de empresas e destrución de empregos. Todos estes sectores e tamén o sector de peiteados ante esta decisión do goberno do incremento do 13% tomaron dúas opcións moi distintas, uns, os que optaron por trasladar ao cliente este incremento, co cal o que perderon foron os clientes, e moitos porque as cifras son arrepiantes, tiveron que pechar; e outros negocios o que fixeron é soportar eles este incremento do 13% co cal o que supuxo na práctica é unha redución dos seus ingresos e en moitas ocasións a inviabilidade do propio negocio e de manter o número de postos de traballo.

Os números como dicimos na moción producen arrepíos, o que en España se tiveran que pechar 800 negocios, se perderan 14.000 empregos directos son números que nos deben facer, que lle deben facer reflexionar ao Goberno do Estado.

Considerando o tema de Vigo, que é o que nos importa, os datos do sector son que se tiveron que pechar 150 salóns e que se perderon 375 empregos.

Polo tanto, en todo este conxunto de empresas de servizos, como dicía ao principio,

que se incrementaron o 13% de IVE, o Goberno, como dicimos no texto que propoñemos para a moción de acordo neste Pleno, debe rectificar, como parece ser que está intentando rectificar noutros sectores como a Cultura, e a todos estes colectivos, sectores empresariais e comerciais aos que lles infrinxiu tan importante subida, debe volverse ao IVE do 8% porque creo que esta é unha política errónea, creo que con esta política o que se pretendía era incrementar a recadación polo IVE e as propias cifras que da o Ministro de Facenda van en sentido contrario e é moi lóxico, os cidadáns non teñen capacidade de consumo e polo tanto ese incremento, que parecía moi fácil á hora de incrementar a porcentaxe, non tivo a recadación que se esperaba.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós dende o Bloque Nacionalista Galego tamén estamos apoiando as reclamacións por parte deste sector profesional que se viu seriamente castigado por esta decisión de subir o IVE do 8% ao 21% e que tivo consecuencias desastrosas para este sector económico como acaba de describir o Sr. Font.

De feito, xa nas ordenanzas municipais o Bloque Nacionalista Galego propuxera unha emenda para rebaixar, bonificar o sector dos peiteados cunha bonificación na taxa do lixo e intentar compensar, na medida do posible, a través da fiscalidade municipal este duro pau que recibiron por parte da decisión do Partido Popular no Estado Español, de aumentarlles este imposto dunha maneira absolutamente desorbitada e que ten as consecuencias que está tendo como para outros sectores económicos, como por exemplo, todos aqueles que están sufrindo o aumento do IVE cultural tamén a un 21%.

Se que é certo que podemos dar cifras moi importantes, serias e preocupantes sobre o sector do peiteado, pero é que ademais detrás están persoas que pasan a engrosar as listas do desemprego na nosa cidade cada vez máis grandes, esa é realidade, as consecuencias das políticas do Partido Popular que din que hai que preocuparse por dar emprego as persoas, pero toman todo tipo de medidas que van exactamente na dirección contraria. Son medidas que van exactamente na dirección contraria porque o que están facendo, e isto é un exemplo moi gráfico, a fiscalidade que está aplicando o Partido Popular, o que están facendo é precisamente beneficiar constantemente a aqueles que máis teñen e prexudicar a aqueles que menos teñen, é o que se está facendo constantemente con este tipo

de medidas fiscais e económicas que comezaron xa especialmente co segundo goberno do Sr. Zapatero e que continúan agravándose con estas decisións sobre as distintas reformas fiscais que se están aplicando dende o Goberno do Estado. Xa en 2009 o Goberno do Sr. Zapatero fixera unha modificación da Lei Fiscal, da fiscalidade, a reforma do IVE, que xa castigou a moitas persoas con ese aumento do tipo xeral do IVE que todos/as temos que pagar e que polo tanto é o máis inxusto que se pode aplicar para aumentar os ingresos do Estado.

Pero isto continúa afondando co Partido Popular porque os ingresos por impostos no Estado Español son baixos, son máis baixos que na maioría dos Estados da Unión Europea, pero o problema é por que son máis baixos e que medidas se aplican para aumentalos? Por que son máis baixos? Polo tremendo fraude que existe no noso país, calcúlase que ao redor dun 25% da economía non está tributando e no canto de loitar contra o fraude o goberno do Partido Popular desmantela as unidades contra fraude que existían en Facenda. Por que hai menos ingresos? Porque os impostos aplícanse precisamente ás persoas que menos teñen neste estado, aos asalariados e aos autónomos, non se lle aplican as grandes empresas que cotizan por exemplo no Ibex 35, as grandes empresas pagan un tipo do 30% pero proporcionalmente pagan moito menos que as familias ou que os asalariados e autónomos, con beneficios fiscais importantes que xa veñen do segundo goberno do Sr. Zapatero. As grandes empresas en 2012 tributaron só por un 4,13% das súas ganancias, mentres que as pequenas empresas tributaron por un 15% e as familias por un 12%.

Agora o Comité de Expertos que está pechando salóns de peiteado propón, por exemplo, rebaixar o máximo de tributación do 52% ao 40%, ou eliminar, acabar co Lei Beckam, aquela que propuxéramos no Congreso dos Deputados e que conseguira facer que aqueles que chegan a este país, non en pateiras senón para comprarse un chale de 500.000 euros nalgún barrio ilustre de Madrid, tributara polo 52% e non polo 24,75%, agora a estes tamén se lle quere reducir a tributación.

Esa é a realidade, polo tanto nós estamos completamente a favor de que se reduza o IVE nos salóns de peiteados e imos apoiar esta moción.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar gustaríame felicitar ao Goberno Municipal

e tamén ao Bloque Nacionalista Galego por apuntarse aínda que sexa tarde, a baixar impostos, porque en Vigo o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego levaban seis anos seguidos subindo os impostos e as taxas municipais a todas e cada unha dos salóns de peiteados da cidade de Vigo. Levábanlle subindo o lixo os seis anos dende 2007 a 2013, a auga que pagan os salóns de peiteados moi caro, o IVE, etc.

Agora parece ser que recapacitaron, co cal como di o dito “nunca é tarde se a dita é boa”. Xa lle adianto que nós non nos imos opoñer nunca a súa solicitude a que se baixen impostos.

Pero o IVE constitúe en España e en toda a Unión Europea un dos principais piares do sistema tributario, tamén é verdade que o tipo de gravame no noso país era dos máis reducidos de Europa e co IVE páganse pensións, subsidios por desemprego, a Sanidade, a Educación. O IVE axuda polo tanto, a manter o Estado de Benestar, eses servizos públicos de que tanto lles gusta falar ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista Galego. É certo que en setembro de 2012 houbo unha subida de impostos para algúns bens e servizos que antes tributaban ao tipo reducido e a partires desa data pasaron ao tipo xeral e os salóns de peiteados, entre outros. Esta subida de impostos que o Goberno de España viuse obrigado a facer en contra dos seus principios e do seu programa, foi debido a que a economía española vostedes deixárona ao borde da quebra, e era necesario aumentar a recadación no curto prazo para axudar a cumprir o obxectivo de redución do déficit fiscal, tal e como están facendo agora os seus amigos de Francia, por exemplo o Sr. Manuel Valls, os socialistas de toda Europa e tal e como España se comprometeu ante Bruselas, para que Sra. Abelairas? Para non ser rescatada, como así foi.

Agora, gracias ao esforzo e a responsabilidade, solidariedade do pobo español ante esta situación de crise herdada a situación comeza a ser distinta que hai dous anos, así por exemplo vemos como España creceu neste primeiro trimestre un 0,4%, vemos que a confianza dos galegos duplicouse no último ano, a balanza comercial ten superávit por primeira vez, por iso a realidade evidencia que traballando xuntos e compartindo esforzos é posible abandonar situacións graves como na que se atopaba España cando o Partido Popular iniciou esta lexislatura.

Dito isto, e tendo en conta que dende o Goberno de España estase traballando nunha reforma fiscal de gran calado, onde xa houbo unha proposta dun Comité de

expertos presidido polo profesor o Sr. Manuel Lagares, consideramos oportuno que o Goberno estude e valore as demandas dun sector como os dos salóns de peiteados que fan un uso moi intensivo de man de obra e que polo tanto son xeradoras de importantes cifras de emprego. Por iso, presentamos unha emenda de substitución cuxo texto lles leo a continuación que é “instar ao Goberno de España a que dentro do marco da reforma do sistema fiscal e tributario sexa estudado e valorado o uso intensivo da man de obra no sector dos salóns de peiteados na procura de satisfacer as peticións formuladas por este importante colectivo”.

SR. LÓPEZ FONT: Fago unha parénteses e o penso porque é para enfadarse, e o problema non é que me enfade eu ou que nos enfademos no Grupo Socialista, é para que se enfaden os 375 vigueses que perderon o seu posto de trabalo por un incremento do IVE como o que vostede está xustificando, esa é a realidade Sr. Fidalgo e van a perder emprego tamén outras persoas nese sector, pero tamén no sector das papelerías, da cultura e vostede ven a xustificar aquí un incremento do 8% ao 21% quedándose tan tranquilo, volvendo a falar do Sr. Zapatero, da herdanza e dicindo que van facer unha reforma, é indignante que misturen o IVE coa Seguridade Social, que nos de a entender que se van solucionar os problemas de Seguridade Social, de Facenda, de rescate financeiro subíndolle aos salóns de peiteados do 8% ao 21%, subindo as entradas do cine do 8 ao 21%, esnaquizando o sector cultural, pero vostede ten valentía para dicir iso neste Pleno? De verdade é indignante. Vostede tratan de xustificar o que fixo o Goberno Central e é inxustificable porque vostede mesmo o di na súa emenda de substitución que me produce certa satisfacción, “no marco de reforma do sistema fiscal e tributario” ou sexa está mal o actual no? E peor aínda, non é capaz de apoiar seu grupo aquí o que propoñemos, que é volver, a un sector o do salón de peiteados, como outros que tamén se ven afectados, ao IVE que tiñan ou ao tipo xeral hoxe do 10%, de verdade é que hai que votarlle unha moral tremenda. Non se pode xogar, Sr. Fidalgo co posto de traballo da xente, non se pode facer demagogia sobre cuestión xerais, vostedes gobernan e estamos fartos, non nós, senón os españois de rescate e de herdanza, porque dentro de catro meses van ternos que rescatar de vostedes, como sigan con esta política vannos ter que rescatar de vostedes.

O que eu quero rescatar Sr. Fidalgo e concelleiros do Partido Popular é aos 375 que perderon o emprego en salóns de peiteados, a non sei cantos que perderon o emprego no sector de material escolar, e non sei cantos que llo están dicindo a vostedes que perderon o seu posto de traballo no sector cultural, audiovisual, funerario, empece a sumar de verdade e pouco menos, que cando volva a ter ocasión pida perdón a todos aqueles que perderon o seu emprego porque vostede queira xustificar unhas políticas do Goberno Estatal. De verdade sáeme e non o pode remediar “manda carallo”.

PRESIDENCIA: Entendo que non acepta a votación á emenda do Grupo Popular, polo tanto votamos a moción.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, instando ao Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do 21% do IVE aos servizos de peiteado e aplicarlles o tipo reducido do 10%, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.4(64).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REXEITANDO A REFORMA IMPOSTA NA LEI 13/2013, DE 23 DE DECEMBRO, REGULADORA DO FACTOR DE SUBSTENTABILIDADE E DO ÍNDICE DE REVALORIZACIÓN DO SISTEMA DE PENSÍONS DA SEGURIDADE SOCIAL E DEMAIS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 882/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de abril de 2014, número 882/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font,

formula a seguinte,

MOCIÓN:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno expresa o seu máis profundo desacordo coa decisión do Goberno de suprimir de forma unilateral a fórmula de revalorización de pensións públicas que até agora se aplicaba no noso país, impondo unha nova fórmula sen dialogar previamente co resto de partidos políticos, organizacións empresariais e sindicais, e rompendo así o procedemento establecido no Pacto de Toledo para acometer calquera reforma profunda no sistema de Seguridade Social sobre a base previa do diálogo e o acordo amplo.

A nova fórmula para calcular a revalorización de pensións instaurada a partir da Lei 23/2013 non garante o mantemento do poder adquisitivo das pensións. De feito esta nova fórmula suporá unha perda de poder adquisitivo das pensións de entre un 14% e até un 26% durante os próximos 15 anos.

A revalorización das pensións para 2014, limitada a un 0,25%, vén consolidar unha perda de poder adquisitivo que comezou a xerarse coa decisión de 2012 de non actualizar as pensións.

Entre 2012 e 2013 as pensións xa consolidaron unha perda de poder adquisitivo, de modo que os incrementos realizados nas contías non foron suficientes como para compensar a evolución da inflación. Así, nestes anos as pensións inferiores a 1.000 euros, (que son o 66% do total) perderon un 0,1% e as pensións superiores a 1.000 euros (o 33% do total) perderon un 1,1%.

Sumado a todo o anterior, o incremento aprobado para 2014 suporá unha perda adicional de poder adquisitivo de polo menos 1,25% para todas as pensións sen distinción de contías, se temos en conta que o incremento foi de tan só o 0,25% e a previsión de inflación do propio Goberno é do 1,5%.

A perda de poder adquisitivo das pensións supón o empobrecemento especialmente dos que teñen, xa de seu, unha pensión baixa, lembremos que o 54% das pensións teñen unha contía inferior ao Salario Mínimo Interprofesional e unha limitación grave da calidade de vida da maioría de fogares que teñen nun xubilado, preto do 27% do total, a principal ou única fonte de ingresos. E, adicionalmente, a perda de poder adquisitivo das pensións afecta gravemente ao mantemento do emprego e a actividade económica, xa que estas rendas teñen como principal destino o consumo e a demanda interna de bens e servizos no noso país.

Cremos que o Goberno cede ás esixencias do núcleo máis conservador da Comisión Europea e dos mercados, cuxa actividade especulativa segue provocando que a economía produtiva non se recupere e que os traballadores/as, os pensionistas e xubilados sigan perdendo poder adquisitivo, utilizando as pensións públicas como contraprestación esixida para outros fins alleos ao da súa sustentabilidade e ó BOE como instrumento para conxelar as retribucións dos que dependen directamente



das decisións do Goberno como os empregados públicos, pensionistas, desempregados, traballadores que perciben o salario mínimo, perceptores do IPREM, etc., mentres que, pola contra, adóptanse medidas destinadas a subir os prezos de servizos públicos, que tamén están sometidos á súa intervención.

Baste sinalar algúns exemplos de todo iso: desde 2011 os medicamentos incrementaron o seu prezo o 20,9% como consecuencia da exclusión dun número importante de medicamentos do financiamento público; a calefacción, a luz e o auga subiron nestes dous anos máis dun 11,4%, consecuencia en gran medida dos sucesivos “tarifazos” eléctricos.

O camiño ten que ser o de asegurar a calidade de vida da poboación e pór fin ás inxustas políticas de austeridade, como vía para unha saída da crise de maneira democrática e sustentable económica e socialmente.

É polo que, esiximos ao Goberno que rectifique de inmediato e regrese ao marco de diálogo e ó acordo do Pacto de Toledo, pois as medidas adoptadas fóra deste non fixeron senón prexudicar ás persoas máis débiles, sen que actuasen nos verdadeiros retos que ten o sistema de pensións: a necesidade de adoptar medidas de mellora de ingresos, loita contra a fraude fiscal e laboral, facer emerxer a economía mergullada.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

#### ACORDOS

1.- Rexeitar a reforma imposta á marxe do Pacto de Toledo, na Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social, e instar o Goberno da Nación a que a rectifique.

2.- Instar o Goberno da Nación a que volva ao Pacto de Toledo e, neste marco, poña as medidas necesarias para que os pensionistas e xubilados recuperen unha fórmula que garanta o mantemento do poder adquisitivo das pensións públicas, e a sustentabilidade do sistema, unha medida que por xustiza lles corresponde.

3.- Acordar dar traslado da devandita resolución ao Goberno da Nación e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social.”

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 21 de abril de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O Grupo Municipal Socialista queremos trasladar aquí o noso máis profundo desacordo coa decisión do Goberno, de suprimir de forma unilateral a fórmula de revalorización das pensións públicas, unha cuestión que está a preocupar aos nosos pensionistas de forma moi directa, porque esta fórmula de revalorización das pensións que ata o de agora se aplicaba no noso país, este cambio impoñendo unha nova formula sen dialogar previamente co resto de partidos políticos, organizacións empresariais e sindicais e rompendo así o procedemento establecido no Pacto de Toledo para cometer calquera reforma profunda no sistema de Seguridade Social sobre a base previa do diálogo e o acordo máis amplo. Esta nova fórmula para calcular a revalorización das pensión que foi instaurada polo goberno do Partido Popular a partires da Lei 23/2013 non garante o mantemento do poder adquisitivo das pensións, de feito esta nova fórmula suporá unha perda de poder adquisitivo das pensións dentro dun 14% e ata un 26% durante os próximos 15 anos.

Entre 2012 e 2013 as pensións xa consolidaron unha perda de poder adquisitivo, de modo que os incrementos realizados nas contías non foron suficientes como para compensar a evolución da inflación. Así nestes anos as pensión inferiores a mil euros que son o 66% do total, perderon un 0,1% e as pensión superiores a mil euros que son o 33% total, perderon o 1,1%. Sumando a todo o anterior, o incremento aprobado para 2014 suporá unha perda adicional do poder adquisitivo de polo menos o 1,25% para todas as pensións, sen distinción de contías, é dicir, tanto para as que cobran máis como para as que cobran menos, que en Galicia sabemos que son a maioría pensións de menor contía.

Se temos en conta que o incremento foi de tan só 0,25% e a previsión da inflación do propio goberno é do 1,5%, a perda de poder adquisitivo das pensións supón o empobrecemento especialmente dos que teñen xa de seu unha pensión baixa e hai que lembrar aquí que máis do 50% das pensións teñen unha contía inferior ao salario mínimo interprofesional e que é unha limitación grave para a calidade de vida da maioría dos fogares que teñen ademais nunha persoa que cobra a súa pensión de xubilación que é un 27% do total, a principal ou única fonte de ingresos, isto o temos que lembrar tódolos días.

Ademais, adicionalmente a perda de poder adquisitivo das pensións afecta gravemente ao mantemento do emprego e actividade económica, xa que estas

rendas teñen como principal destino o consumo e a demanda interna de bens e servizos no noso país.

Cremos que o Goberno cede as esixencias do núcleo máis conservador da Comisión Europea e dos mercados cuxa actividade especulativa segue provocando que a economía produtiva non se recupere e que os traballadores ou pensionistas e xubilados segan perdendo poder adquisitivo.

Basta sinalar algúns exemplos de todo isto, dende 2011 os medicamentos incrementaron o seu prezo un 20,9%, como consecuencia da exclusión dun número importante de medicamentos do financiamento público, a calefacción, a luz ou a auga subiron nestes dous anos máis do 11,4%, consecuencia en gran medida dos sucesivos “tarifazos” eléctricos. E por isto que propoñemos á Pleno da Corporación os seguintes acordos: rexeitar a reforma imposta ao marxe do Pacto de Toledo na Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Substentabilidade e do Índice de Revalorización do sistema de Pensións da Seguridade Social e instar ao Goberno da Nación a que rectifique, instar ao Goberno da Nación a que volva ao Pacto de Toledo e neste marco poña as medidas necesarias para que os pensionistas e xubilados recuperen unha fórmula que garanta o mantemento do poder adquisitivo das pensións públicas e a substentabilidade do sistema, unha medida que por xustiza lles corresponde, e terceiro acordar dar traslado da devandita resolución ao Goberno da Nación e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

SR. ALONSO PÉREZ: Eu xa teño comentado nalgún Pleno que eu traballei bastantes anos nunha empresa que tiñamos un Plan de Pensións propio, cun concerto coa Seguridade Social chamábase Instituto Telefónico de Previsión, e que o fixeron desaparecer para reconvertelo nun plan de pensións privado e o depositario rematou sendo o BBVA, non comprenderemos que está pasando por que o Partido Socialista, o Partido Popular recortan as pensións non o comprenderemos senón sabemos a influencia que ten o sector financeiro e o sector dos seguros privados nos gobernos correspondentes. Realmente quen está marcando a pauta das pensións, de reducións, son o sector financeiro que lle esixe aos gobernos correspondentes, primeiro ao Partido Socialista e despois ao Partido Popular que rebaixen as pensións para facer seguros privados, ollo que os seguros privados

tampouco son unha ganga para a xente que o fai, de feito a maioría deles teñen perda ou teñen unha ganancia mínima. Quen gaña sempre? Gaña sempre a banca e os seguros privados, eses sempre gañan. Entón agora, unha vez máis coa Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do Factor de Substentabilidade e do Índice de Revalorización do sistema de Pensións da Seguridade Social, preténdense basicamente dúas medidas, a primeira medida é a redución das pensións, co argumento da substentabilidade e de que cada vez duramos máis, hai que reducir as pensións. Pero incluso do propio informe dos expertos, hai expertos que din que os argumentos do Goberno non serven, que o sistema non ten ningún tipo de perigo e ademais en caso de facer reformas nunca se deben facer en momentos de crise, e que non hai ningún perigo e o que non hai é ningunha urxencia de facelo. A segunda medida é o índice de revalorización das pensións, cambiar o índice, o Goberno decidiu eliminar por obriga legal que se lle aplique o IPC as pensións, esa é a segunda medida, que é o que pretenden, pois reducir o poder adquisitivo dos pensionistas, hai que lembrar que ao redor, como dicía o Sr. Rodríguez Díaz, ao redor do 50% das pensións contributivas sitúanse por debaixo dos 650 euros mensuais, e a estas persoas condénaselles a unha perda permanente do poder adquisitivo, segundo as propias provisións do Goberno nos próximos cinco anos, as pensións van perder o 9%.

Eu insisto no fundamental, porque é o que nos ten que quedar moi claro, e é que o Partido Popular agora e antes o Partido Socialista non lles interesaba que as pensións recuperaran o poder adquisitivo porque o negocio das pensións está no sector financeiro iso é que nos ten que quedar claro porque é o fundamental do debate.

Sobre a moción que presenta o Partido Socialista queríamos corrixir un par de aspectos, primeiro dicir que se introduza no Pacto de Toledo, a nós non nos parece que sexa a solución porque temos visto como recomendacións do Pacto de Toledo, ós distintos executivos, despois tomaban as decisións que lles parecía, ademais de recomendacións do Pacto de Toledo de 2010 ampliouse a idade de xubilación aos 67 anos ou aumentouse o cálculo das pensións, pasou de ser o cálculo en quince anos a vinte, vinte e cinco, vai pasar a ser toda a vida laboral, ou sexa que as recomendacións do Pacto de Toledo non é garante de que as pensións recuperen o poder adquisitivo.

Outra corrección é dicir que se dirixa ao Goberno do Estado e non ao Goberno da Nación, porque a Xunta de Galicia non é quen ten a competencia, entón que se dirixa ao Goberno do Estado.

Dicir que tódolos expertos non contaminados pola cuestión bancaria saben que para garantir as pensións hai que ter maior emprego, mellores salarios, unha fiscalidade progresiva e perseguir o fraude fiscal. Isto é o que garante as pensións dignas.

SR. GARCÍA MÍGUEZ: Sr. Presidente, vostede como catedrático de economía que é, é coñecedor da situación pola que pasa todo o sistema de pensións e non nos referimos só ao ámbito español senón tamén ao de todos aqueles países cos que estamos relacionados, e esta situación non ten que ver en absoluto con propostas partidistas ou ideolóxicos, senón que aspectos como a propia natureza inciden dunha forma ou outra no sistema de pensións. Aspectos tales como o acceso tardío ao mercado laboral dos nosos mozos ou o baixo índice de natalidade, especialmente en España e máis en Galicia, fan que haxan que tratar o sistema de pensións con moita cautela e moita precaución, para que por favorecer aos pensionistas de hoxe, se poida poñer en perigo todo o sistema, co que se prexudicaría a xeracións vindeiras que teñen o mesmo dereito a percibir a súa xubilación.

Non hai moito anos os nosos mozos accedían ao mercado laboral en moitos casos por necesidades económicas coa temperá idade de catorce, dezaseis ou dezoito anos, iso supoñía que estiveron cotizando á Seguridade Social durante máis de cincuenta anos. Tampouco é descubrir nada, dicir que ata épocas recentes as expectativas de vida superaban escasamente os setenta anos e iso supoñía moitos cotizantes e poucos perceptores. Esta situación ten un brusco cambio e así os nosos mozos, por causas por todos coñecidas, acceden con maior idade ao mercado laboral, e por outra banda, afortunadamente a esperanza de vida alóngase achegándose hoxe en día aos noventa anos. En resume, menos cotizantes e máis perceptores das pensións de xubilación, tamén como sinalábamos, a baixa maternidade na que destaca especialmente Galicia, fai que sexa menor a poboación activa española, o que supón que por cada traballador en activo hoxe existan un pensionista e un parado. Polo tanto, señores do Partido Socialista, no

tema das pensións non caben mocións demagóxicas e o que si podemos facer é que todos, e dende os distintos postos que desempeñemos, dende o ámbito municipal, provincial, autonómico e nacional rememos no mesmo sentido para que os xubilados que ao longo de toda a súa vida activa viñeron aportando fondos para a súa xubilación, poidan gozar dese dereito e así vanse implantando timidamente no noso país estas medidas como noutros países, como mínimo obxectivo para esta seguridade así o Partido Popular blindou por lei a subida das pensións sempre un mínimo dun 0,25% sexa o Goberno do partido que sexa o que estea a nivel nacional gobernando.

Polo tanto, Sr. Presidente o Grupo Municipal Popular considera esta moción totalmente demagóxica, oportunista, populista e electoralista, o único que pretenden son uns titulares nos medios de comunicación para dicir que o Grupo Municipal Popular oponse a que os nosos pensionistas non se lle poda revalorizar as súas pensións co IPC. Vostedes que tanto defenden o Pacto de Toledo, lembrar que o seu obxectivo principal era garantir as pensións para tódalas xeracións presentes e futuras, e o que vostedes traen aquí é pretender beneficiar electoralmente aos actuais pensionistas o que non se descartaría se houbo posibilidades, en detrimento das xeracións futuras, poñendo en perigo a percepción da xubilación a que teñen tanto dereito os actuais pensionistas como os futuros. Onde estaban vostedes no ano 2010, cando o Goberno Socialista conxelaba as pensións a tódolos xubilados? Cal foi a súa moción esixindo que o Goberno do seu partido revalorice as pensións de acordo co IPC en lugar de conxeladas no ano 2010?

Tampouco escoitamos nada, nin do Sr. Presidente como Alcalde nin do Grupo Socialista criticar as medidas propostas en Francia, en onde ao igual que o Goberno do Sr. Zapatero pretende conxelar as pensións.

Por todo isto, ao Grupo Municipal Popular de Vigo non lle queda máis remedio que votar en contra desta moción totalmente demagóxica pero que como grupo seguiremos apoiando todas aquelas medidas que dean seguridade a percibir as pensións de xubilación que teñen todo o dereito os nosos pensionistas actuais e as xeracións vindeiras.

PRESIDENCIA: Sra. concelleira, se vostede quere coñecer a opinión do Alcalde con respecto as medidas dos socialistas franceses, paréceme un absoluto disparate, un

dislate político, absolutamente inadmisibles, pero non é cuestión local na que eu deba entrar, pero si de o Alcalde de Vigo dependeran esas medidas non se aplicarían nunca, e comparto polo tanto a posición de case a metade do Grupo Socialista francés que se opón a esas medidas.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: En primeiro lugar, dicir que aceptamos a corrección de erros de cambiar nación por estado que propoñía o Bloque Nacionalista Galego, pero non así o do Pacto de Toledo, é dicir, nós os Socialistas temos a honra e o orgullo dos que puxemos as pensións para todos e todas, igual que cando universalizamos a sanidade para todo o sector, nós somos os socialistas os que puxemos as pensións non contributivas para todos aqueles que ademais non habían cotizado por non haber cotizado por eles.

Polo tanto, esa honra a temos e a imos seguir reivindicando, pensións non contributivas para todos/as co cal o índice de pobreza baixou moito neste país, iso fíxose e mellorouse tamén a través do Pacto de Toledo.

Outra cuestión que reivindicamos os Socialistas señores do Partido Popular con nós en oito anos as pensións medraron un 24%, recuperaron un 24% do poder adquisitivo, con vostedes en dous anos a perda é espectacular, e ademais lle reitero nos vindeiros quince anos perderán un 27%, os pensionistas, de poder adquisitivo. Ademais iso vai engadido con que teñen que pagar polos medicamentos, subíronlles o IRPF, todas estas cuestións que xa detallei anteriormente. Pero fíxese vostedes cando falan que non é posible, na Unión Europea onde gobernan tamén o Grupo Popular con perseguir o fraude fiscal recadaríase un billón de euros, suficiente para arranxar o desemprego dos mozos e tamén a das pensións.

Mentres vostedes lles cobran, lles rebaixan as pensións aos pensionista e lle cobran e multan aos pensionistas retornados ata cinco anos atrás, a todos estes que estiveron traballando fora, agora que veñen para aquí, a outros fanlles vostedes amnistía fiscal, a outros de dubidosa procedencia os seus ingresos fanlles unha amnistía fiscal. Vostedes coa súa actual política os pensionistas van necesitar por cada ano de recesión que gobernan vostedes, sete anos para recuperar o seu poder adquisitivo. O que están a facer vostedes é elevar o índice de pobreza en España. Na Unión Europea a media de gasto por PIB é do 13%, en España é do

10,8% fíxense se quedan recursos, ademais cando os socialistas deixamos o fondo de reserva de pensións en 66.815.000 millóns vostedes xa o teñen en 53.744.000; que lles parece a súa xestión, votando man da caixa das pensións do fondo de reserva que o van deixar exhausto, esa é a xestión que fai o Partido Popular.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, presenta unha emenda de modificación da que soamente se acepta polo relator da moción,

Modificar:

- “Goberno da Nación” por “Goberno do Estado”.

PRESIDENCIA: Procédese a esa corrección de erros cambiando esas palabras e procedemos a votación da moción.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, rexeitando a reforma imposta na Lei 13/2013, reguladora do Factor de Substentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.



**5.5(65).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DA LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 883/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de abril de 2014, número 882/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado venres, 4 de abril de 2014, o Consello de Ministro aprobou o Anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial. Establece a desaparición dos partidos xudiciais que serán substituídos por Tribunais Provinciais de Instancia.

No artigo 84.3 contéplase que os Tribunais Provinciais de Instancia tomarán o nome da correspondente provincia en cuxa capital terán a súa sede oficial.

As críticas a este Anteproxecto de Lei foron xeneralizadas na Comunidade Autónoma de Galicia e no conxunto de España. Na cidade de Vigo foron unánimes en todos os sectores cidadáns como partidos políticos, órganos xudiciais, sindicatos, asociacións civís, empresariais e do ámbito xurídico mostrando o seu total rexeitamento a este proxecto de lei, que non contempla a particularidade de Vigo que ten os maiores volumes de poboación, de causas e de litixiosidade de Galicia. É máis, unha localidade que supera en causas por mil habitantes a Barcelona, Zaragoza ou Bilbao, por mencionar algunhas.

Vigo é un caso excepcional no conxunto de España e o Goberno obviouno no anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial. A única opción que se podería recoñecer á cidade máis importante de Galicia sería a de ter unha sede desprazada.

Así, se ben, as Comunidades Autónomas teñen capacidade de remitir ao Goberno de España unha proposta de organización en materia de demarcación xudicial, están obrigadas a atermos ao establecido no artigo 84.3 do anteproxecto. Isto significa que, atendendo ao texto aprobado no Consello de Ministros, non hai ningunha opción de que haxa máis dun Tribunal Provincial de Instancia.

- -Na provincia da Coruña hai 14 partidos xudiciais. Na cidade da Coruña,

segundo datos oficiais de 2012 se ingresaron 53.768 asuntos, en Santiago 32.859, en Ferrol 23.085, en Carballo 6.855, en Corcubión 4.151, en Muros 1.724, en Noia 3.155, en Padrón 2.693, en Arzúa 2.032, en Betanzos 7.144, en Ordes 3.031 e en Ortigueira 1.464.

- Na provincia de Lugo hai 9 partidos xudiciais. Na cidade de Lugo ingresáronse 18.103 asuntos, en Viveiro 4.471, en Vilalba 2.450, en Chantada 1.984, en Monforte 3.674, en Sarria 2.095, en Becerreá 783 en Fonsagrada 465 e 2.722 en Mondoñedo.
- Na provincia de Ourense hai 9 partidos xudiciais. Na cidade de Ourense ingresaron 22.711 asuntos, no Carballiño 2.763, en Ribadavia 1.506, en Celanova 1.098, en Bande 720, en Xinzo 1.640, en Verín 3.110, na Pobra de Trives 875 e no Barco 2.552.
- Na provincia de Pontevedra hai 13 partidos xudiciais. Na cidade de Pontevedra ingresaron 18.601 asuntos, en Vigo 87.636, en Lalín 3.212, na Estrada 2.403, en Caldas 3.725, en Vilagarcía 7.835, en Cambados 8.967, en Marín 5.309, en Cangas 7.986, en Redondela 4.997, en Ponteareas 6.883, no Porriño 7.177 e en Tui 5.617.

Vigo é con moita diferenza a cidade con máis asuntos de todos os partidos xudiciais de Galicia. Case multiplica por cinco á cidade de Pontevedra ou á de Lugo, por catro aos que se ven na cidade de Ourense, por dous coma cinco aos de Santiago ou vense 33.868 máis que na cidade da Coruña.

Ademais, o anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial considera|contempla a desaparición das audiencias provinciais. O anteproxecto contempla que as súas competencias serán asumidas polos Tribunais Superiores de Xustiza das CC.AA. Isto supoñerá que todos os recursos de apelación que se vían nas audiencias provinciais serán vistos na Coruña, cidade na que ten a súa sede o TSXG

Esta desaparición ten claras repercusións negativas para o conxunto dos cidadáns da provincia de Pontevedra e agrávanse no caso da cidade olívica. En Vigo sitúanse dúas seccións da Audiencia Provincial (civil e penal). Todos os recursos de apelación que ven estas salas serían asumidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ademais de todos os outros que ata agora se tramitaban na cidade de Pontevedra.

Outra das novidades que establece o anteproxecto de lei é a desaparición da figura do Xuíz Decano.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

#### ACORDOS

1. Instar ó Goberno da Nación a retirada do Anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial polo dano que causa ós cidadáns de Vigo.
2. En caso de que a Lei continúe adiante e estableza dous Tribunais de

Instancia na provincia de Pontevedra, un terá sede en Vigo e abranguerá todo o sur da provincia. O outro terá sede en Pontevedra e abranguerá o norte da provincia.

3. En caso de que a nefasta Lei so estableza un Tribunal de Instancia, na provincia de Pontevedra, este terá sede na cidade de Vigo.
4. En ningún caso desaparecerán as Audiencias Provinciais.
5. No novo espazo de apelación faise necesario duplicar o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ben creando unha sede en Vigo, ademais da actual en A Coruña, ou dividir a actual en dúas partes.
6. Manter a figura do Xuíz Decano nos termos actuais.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 21 de abril de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. LÓPEZ FONT: Traemos esta moción e a traeríamos máis veces, é verdade que no prazo de menos dun ano debatemos tres veces sobre este tema neste Pleno, pero entendemos que despois da decisión do Goberno do Estado adoptada o 4 de abril, na que xa si se aproba o Anteproxecto de reforma xudicial é necesario traer esta moción, porque neste Anteproxecto a decisión é taxativa, é desaparición dos partidos xudiciais. Polo tanto, desaparece o Partido Xudicial de Vigo e tamén é taxativa a creación de tribunais provinciais de instancia, é dicir, a capital de provincia Pontevedra, será a sede dese tribunal provincial de instancia. A este anteproxecto as críticas foron xeneralizadas, este Pleno como dicía anteriormente xa se posicionou, pero a crítica foi xeralizada en toda Galicia e en Vigo en especial, esa crítica xeralizada foino de tódolos sectores, inclusive e de forma máis determinante do propio sector da xustiza e nin sequera merece a pena que nos preguntemos quen está a favor deste Anteproxecto do Sr. Gallardón, porque non atopámonos a ninguén, salvo el e o seu goberno, que estean a favor deste proxecto, sempre pedimos cando debatemos sobre este tema que nun marco xeral

o que se estableza, Vigo debe ser un caso excepcional, pero eu atrevo-me a dicir que tal e como está formulado o anteproxecto de lei, Vigo non é un caso excepcional, é o caso por excelencia sobre o que non se pode actuar con esta lei. Ademais, inclusive a Unión Europea e o víamos o outro día, avala, que Vigo é un caso único e que no documento da Unión Europea que recomenda sobre os mapas xudiciais deben estar baseados en poboación e actividade.

Polo tanto, non se pode obviar en ningunha situación o caso de Vigo, a ver se se entende o que representa o Partido Xudicial de Vigo na provincia e en Galicia. Se o Ministro de Xustiza non é capaz de comprender e coñecer esta situación a ver se o Sr. Rajoy por proximidade poderíalle informar para que se rectificase.

Tal e como está a Lei dise para Vigo que será unha sede desprazada, a verdade é que produce o rexeitamento total, estamos de broma ao dicir que Vigo pode ser unha sede desprazada? Os números como dicimos na moción son abafadores, con moita diferenza sobre tódolos lugares de Galicia e sendo así esta realidade xudicial de Vigo, das persoas que necesitan da xustiza imos ter unha sede desprazada, preguntome?. Sinceramente paréceme unha inocentada.

Nesta nefasta Lei non se queda só aí, no que acabo de relatar agora co que respecta a Vigo, senón que aínda vai a máis o prexuízo que se lle causa a esta cidade, aos cidadáns desta cidade e aos 350.000 que están dentro do Partido Xudicial. Tamén se regula todo o relativo ao sistema de apelación, aquí desaparecen as Audiencias Provinciais e neste momento Vigo ten dúas seccións e esas dúas seccións co Partido Xudicial o que permite é ese concepto básico nos servizos públicos que é o de proximidade. O proposto en materia de apelación leva todo o relativo a apelación ao Tribunal Superior de Xustiza de A Coruña, non estamos ante unha reivindicación localista que algún quixera descualificar simplemente nese concepto. Estamos ante un debate claro e nítido por achegar a xustiza á cidadanía, porque se se descoidan lévannos os tribunais e todo o relativo a apelación a Madrid, a Murcia ou non sei onde nolo poderían levar. O concepto de proximidade debe ser fundamental e ata a Unión Europea o avala nun documento que incumpre coa súa proposta claramente o Goberno.

As nosas peticións son moi concretas na moción, non me digan que algunha é contradictoria con outra que xa o sei, pero evidentemente o que pretendemos é manter a situación actual, manter que Vigo debe ser un Partido Xudicial e se se

quere reformar o sistema de apelación evidentemente tamén ten que desdoblarse, tamén ten que darselle a esta cidade como mínimo o 50% dos casos.

SR. ALONSO PÉREZ: Moitos cidadáns preguntáanse en Vigo polo menos a nós estannos preguntando continuamente, cales son as causas, por que do acordo do Partido Socialista e do Partido Popular, porque a xente non o entende, nos están preguntando tódolos días, e nós dicímoslles que lles pregunten aos asinaron o pacto, son os que teñen que responder. Pero xa empezamos a ver consecuencias do pacto, imos ver que nos próximos orzamentos se diminúe os cartos para emprego, 600.000 euros, se diminúe os cartos para as persoas afectadas pola crise e xa empezamos a ver como o Partido Socialista vai mudando cousas, primeiro non ía haber cartos para a Cidade da Xustiza porque era unha competencia autonómica, pasáronse a vender pisos de Vigo para facilitarlle á Xunta de Galicia eses cartos, antes do acordo tampouco ía haber cartos para un hospital que pasou de ser público a privado, agora xa vai haber cartos para que haxa acometidas para un hospital privado. E neste tema tamén vemos como vai mudando o Partido Socialista, o que dicían antes do pacto era claro, que se manteña o Partido Xudicial en Vigo e agora vemos como empeza a mudar, en Pontevedra o Alcalde de Pontevedra dixo que se mantivera o Partido Xudicial en Vigo, pero o Partido Socialista no Pleno anterior presentou unha moción sobre o Anteproxecto de lei onde xa no falaba do Partido Xudicial en Vigo, non falaba concretamente diso, foi unha emenda do Bloque Nacionalista a que introduciu iso no debate. Agora vemos de novo como se intenta dar saídas ao Sr. Gallardón, porque non se fala claramente de que apareza o Partido Xudicial en Vigo, xa se empeza a aceptar que exista un só tribunal de instancia na provincia, dio o propio texto, non hai ningún problema, empézaselle a dar saída ao Sr. Gallardón, en Vigo aínda o Partido Socialista non o dixo, díxoo unha emenda do Bloque Nacionalista Galego no Pleno pasado por moito que lles moleste, porque os feitos son os feitos non se poden cambiar.

Gracias ao Bloque Nacionalista Galego está na moción, o BNG nas distintas institucións no Parlamento do Estado, no Parlamento Galego xa ten manifestado contra esta Lei porque é recentralizadora e porque afasta a Xustiza dos cidadáns. Pero no Pleno do Concello de Vigo o que ten que facer o Pleno é sumarse á reivindicación que é unánime na cidade, porque os empresarios din que Vigo ten

que manter o Partido Xudicial, Comisi3ns, UGT e a GIG din que debe manterse o Partido Xudicial de Vigo, o Club Financeiro pídelle ao Ministro que valore a singularidade de Vigo, os avogados rexeitan que se recorten os Partidos Xudiciais, o Consello Xeral da Avogacía apoia o Partido Xudicial vigués, os fiscais esixen que Vigo teña un Partido Xudicial, unanimidade nos veciños, bueno hai unha discrepancia, o Partido Popular de Pontevedra defende a reforma do Sr. Gallard3n e critica a mobilizaci3n de Vigo, non se suma á reivindicaci3n da cidade. Pero ollo, introducir elementos que faciliten a saída do Sr. Gallard3n non é bo para a defensa do Partido Xudicial en Vigo, por iso o Bloque Nacionalista Galego non quere ambigüidades, quere falar claro, por iso facemos unha proposta de emenda que diga con toda claridade instar ao Ministerio de Xustiza o manter o Partido Xudicial de Vigo, e que diga isto e non intentar marear a perdiz con posibles saídas, facer determinados supostos que o único que facilitan é a saída ao Sr. Gallard3n.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. López Font, presentaron esta moción tres veces no último ano e saiba que se a presenta outra dez veces máis nós os apoiaremos porque o que é bo para Vigo non se discute, faise, execútase, desenvólvese. Como xa lle dixen o mes pasado alégranos que se sumen a unha iniciativa liderada pola Partido Popular hai un ano e por iso consideramos que xuntos podemos volver á normalidade e que se faga xustiza con Vigo.

O mes pasado debatemos a mesma moción, non cambiou nada, nela lémbrolle, presentamos unha emenda tamén aprobada por vostedes, esixindo á Xunta de Galicia unha vez se presente o anteproxecto de Lei de Demarcaci3n e Planta, a facer as cuestións oportunas, as alegaci3ns. Non cambiou nada nun mes, presentouse o Anteproxecto e tal como solicitamos na moción do pasado mes, a Xunta de Galicia fará as xestións oportunas para que o Ministro o Sr. Gallard3n teña en conta a singularidade de Vigo, que é o importante. É máis, no último mes nós estivemos traballando e xa presentamos este documento ao Ministro, "Partido Xudicial de Vigo una necesidade" proposta de alegaci3n ao anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial, aquí o temos, para que se teña en conta estas alegaci3ns e o que é o máis importante que volvamos a unha situaci3n de xustiza e a unha situaci3n de normalidade nese sentido.

Voulle ler un par de cousas deste documento, sobre todo o referente a

singularidade, o actual Partido Xudicial vigués atende a unha poboación superior aos 341.212 habitantes, fronte aos 112.377 do Partido Xudicial da capital provincial. A cidade de Vigo reivindicou este status durante os últimos trinta anos cun gran protagonismo social, xurídico e político, os beneficios obtidos con estas dotacións melloraron substancialmente a eficiencia do servizo, ademais de avanzar de maneira determinante no achegamento do mesmo aos cidadáns. A poboación da Área Metropolitana está especialmente sensibilizada con este problema, ata o punto de protagonizar multitudinarias mobilizacións en defensa desta posición ao longo dos últimos anos. O volume de asuntos atendidos en Vigo supera os 88.000 ao ano, fronte ao 18.000 do Partido Xudicial de Pontevedra. Vigo representa ademais o 61% dos asuntos xudiciais rexistrados en toda a provincia, Vigo quintuplica en número de asuntos á cabeceira provincial e cuadriplica á poboación do Partido Xudicial de Pontevedra, trátase dun caso singular e único en España. Esta singularidade foi recoñecida pola Xunta de Galicia, que no ano 2009 estableceu en Vigo a quinta delegación oficial do Goberno Autonómico, trátase da única cidade de España que non sendo capital de provincia mantén operativa dende entón unha sede do Goberno Autonómico.

Sr. Font, todos xuntos podemos devolver a Xustiza e o que é por xustiza a Vigo, que saiban que van ter o noso apoio nesta materia.

SR. LÓPEZ FONT: Iniciando polo Sr. Álvarez que foi o último, paréceme que están un pouco picados comigo por aquilo da paternidade de cando foi o fraccionamento de pagos e demais porque sempre aluden á paternidade das cuestións, non Sr. Álvarez non, nós no Pleno de maio do 2013 presentamos unha moción e vostedes presentaron outra, e nós en maio de 2013 dicíamos instar Goberno Central a contemplar a excepcionalidade no caso de Vigo, mantendo a permanencia do Partido Xudicial, Sr. Alonso, maio do 2013. Na moción que presentamos hoxe o que dicimos é que se retire a Lei Sr. Alonso significa que Vigo mantén o seu partido xudicial.

Polo tanto, aquí de paternidades as xustas e ademais alégrame moito que falando de paternidades ese documento que le, practicamente os datos son tódolos que figuran na nosa moción, que ademais son os datos reais do Partido Xudicial de Vigo.

Sr. Alonso, pensei que estaba falando doutra moción e doutra situación, nós dar unha saída ao Sr. Gallardón, si que saía do Goberno, iso é o que pretendemos, as mulleres de España queren que o Sr. Gallardón saía do Goberno, os cidadáns de Vigo e de Galicia pola reforma que fai da xustiza queren que saía de Vigo. Agora saída do Goberno do Sr. Gallardón si, cobertura ao que está facendo, absolutamente ningunha.

Nós, o que é evidente Sr. Álvarez, e que cambiaron cousas dende o mes pasado a aquí, a moción que debatemos o mes pasado era unha moción que nós tiñamos presentada porque na páxina web do Ministerio había un texto que o Sr. Gallardón dixo moi digno “este non é o meu texto”, chegou o 4 de abril e o texto era aínda peor en contra de Vigo. Polo tanto si cambiou, e se este tema debateuse tres veces neste Pleno e vólvelle a dar o Goberno do Estado e o Sr. Gallardón outra volta de rosca negativa para esta cidade, volveremos traer outra moción. Poden darlle vostedes o Sr. Alonso, as voltas que queiran ao que pretendemos, o que nós dicimos é que Vigo é un caso excepcional, que a situación tal e como está agora, o Partido Xudicial debe manterse e polo tanto iso é o que dicimos, porque nesta cidade estanse formando xuristas, porque é a que concentra todo o relativo a apelación e concentra un número de casos absolutamente excepcional porque temos un ratio de causas por mil habitantes superior a Barcelona, Zaragoza ou Bilbao.

A mensaxe hoxe, despois de debater este tema tres veces é moi sinxelo, ou nos deixan como estamos, ou esta cidade entrará en acción da forma que sexa, porque imos defender un partido xudicial porque temos todos os argumentos e efectivamente, co lema futbolístico, si podemos todos xuntos pero en principio os que propoñemos somos nós.

PRESIDENCIA: Entendo en primeiro lugar que non acepta a emenda. Este é un tema de gran envergadura, da maior importancia nesta cidade. Estamos de novo diante dun tema capital en Vigo que necesariamente ten que ser tratado coa importancia que ten, non é unha cuestión menor, estamos falando da eventual desaparición do ámbito da xustiza de Vigo, a perda do Partido Xudicial, en suma un golpe tremendo para o conxunto da cidade, para a súa economía, para o ámbito social, para o ámbito institucional. Ninguén dos que estamos aquí imaxinamos a esta cidade sen



o seu Partido Xudicial, sen o ámbito da Xustiza, sen o mundo dos xuíces, dos fiscais, dos procuradores, da administración de xustiza, dos avogados, porque estes están permanentemente tecendo a cidade, facendo cidade, en tódolos ámbitos, non só unha perda competitividade excepcional senón unha perda clave dunha parcela da propia cidade, por iso é necesaria a reacción, por iso é necesaria a contestación. Este non é un tema político partidario, isto é un tema capital na cidade de Vigo, e por iso cumpre definirse sobre o total da traxectoria, non só sobre unha parte, sobre toda. A primeira cuestión hai que definirse sobre a lei, sobre si queremos que desapareza o Partido Xudicial, categoricamente non, válenos permanecer na situación actual, seguramente todo Vigo quédase tranquilo se o Goberno de España retira esta parte da Lei, pero a Lei está aí, que se aprobou nun Consello de Ministros e que xa ten vida. Estanse emitindo os ditames procedentes, e que seguramente no mes de xuño o Consello do Poder Xudicial emite o ditame, e por iso hai que reaccionar e prever os camiños sucesivos que pode seguir esta Lei. Se desaparece tema pechado, satisfacción absoluta e se non desaparece, e se a Lei continua, e se se establece este ámbito de instancia provincial con sede de referencia como di a Lei nas capitais de provincia, válenos? Non nos vale esa parte da Lei e entón propoñemos unha primeira derivada para esa Lei, que a excepcionalidade de Vigo signifique que nesta provincia haxa dous ámbitos territoriais, ao menos dous ámbitos territoriais un, con capital en Vigo, con sede de referencia en Vigo e outro con sede de referencia en Pontevedra, válenos. Pero nese caso se a Lei continua no seu estado actual pérdense as Audiencias, os Tribunais de apelación, Vigo perde o Tribunal de apelación, Pontevedra perde o Tribunal de apelación, que pasan a A Coruña, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, entón xan non nos vale o status actual tampouco, nos cedemos nun momento histórico deste país a capitalidade de Santiago de Compostela, apoiamos a Santiago de Compostela para a capitalidade de Galicia, non propuxemos ningunha alternativa, A Coruña si, e a cambio conseguiu toda a sede dos ámbitos xudiciais, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nós quedamos quietos, esta cidade non dixo nada, pero agora ten consecuencias porque perdemos os recursos, o ámbito de apelación e a apelación de calquera causa neste provincia pasará a cidade de A Coruña. Xa non nos vale o Tribunal Superior de Xustiza establecido exclusivamente na cidade de A Coruña, xa nese caso se a lei continua aínda

habendo dúas instancias na provincia, queremos que o Tribunal Superior de Xustiza teña presenza en Vigo. Pero se a Lei mantén a súa filosofía, e sería o terceiro paso, ulterior de todos, nós dicimos que a propia situación de Vigo require que a capital do ámbito provincial de Pontevedra, a sede de referencia xudicial do ámbito provincial de Pontevedra sexa Vigo e este é o panorama, esta é a secuencia que teñen que coñecer dende o Ministerio, o Poder Xudicial e toda España como que en Vigo demandamos por ese principio Europeo que nos avala, principio da proximidade da xustiza aos administrados, así de claro, de aí esta moción. Esta moción é conveniente que a aprobemos como está porque é ensinar o conxunto do escenario, toda a senda, válenos o primeiro, que segan as cousas como están, pero se a Lei segue adiante é bo e temos que manifestar e formular cal vai ser a posición de Vigo. Por iso eu pido o voto favorable para esta moción porque é un tema central nesta cidade, creo que estamos defendendo intereses de cidade, co criterio de cidade por enriba das posicións políticas lexítimas dos partidos, que neste caso en algúns coincide.

**VOTACIÓN:** Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a moción presentada polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, instando ó Goberno do Estado a retirada do Anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial e outros acordos complementarios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

Non houbo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

##### **1.1(66).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de marzo e 24 de abril de 2014.

##### **1.2(67).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de marzo e 24 de abril de 2014.

##### **1.3(68).- DAR CONTA DA DELEGACIÓN NO CONCELEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FOMENTO DAS ATRIBUCIÓNS PARA A DIRECCIÓN TÉCNICA E POLÍTICA, XESTIÓN, SEGUIMENTO, TRAMITACIÓN E EXECUCIÓN DO**

**EXPEDIENTE “INVESTIMENTOS DE MELLORA NO PATRIMONIO MUNICIPAL”.**  
**EXPTE. 876/1101**

ANTECEDENTES.- Con data 9 de abril de 2014 a Alcaldía ditou a seguinte Resolución,

"Por Resolución desta Alcaldía de data 13 de xuño de 2011 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada a área de Fomento, atribuíndose ao seu titular a dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 12.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**RESOLVE**

**Primeiro.-** Delegar na Concelleiro Delegado da Área de Fomento, D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución dos seguintes asuntos:

**PATRIMONIO**

93306320000            INVESTIMENTOS DE MELLORA NO PATRIMONIO  
                                 MUNICIPAL

**Segundo.-** Esta delegación enténdese sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución dos proxectos.

**Terceiro.-** Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

**Cuarto.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

**Quinto.-** Ordenar a súa publicará na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas."

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.*

**2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non houbo.

**3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.

**4.- MOCIÓNS.**

**4.1(69).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A FACER EFECTIVO O CUMPRIMENTO DE TODOS OS ACORDOS PLENARIOS ACADADOS. EXPTE. 880/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de abril de 2014, número 880/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Neste mandato acadáronse no pleno diversos acordos que nunca foron executados polo goberno local, algúns deles de especial relevancia e con importantes consecuencias para vigueses e viguesas.

No pleno ordinario do mes de xullo de 2013, aprobouse unha moción presentada polo BNG, cos votos a favor dos grupos do BNG e do PSOE e a abstención do PP, instando ao goberno municipal á presentación dun plan anual de publicidade e comunicación, dunha memoria dos gastos de publicidade e propaganda realizados ata esa data e da previsión dos gastos que habían de realizarse ata finais de ano e, a día de hoxe, seguimos sen saber de onde saíron os cartos dedicados a importantes campañas de publicidade e propaganda de claro corte partidista.

Vemos ademais que no proxecto de orzamentos presentado para este ano non sei fai esforzo ningún en reducir os gastos de publicidade e propaganda e moito nos tememos que haberá programas que sairán, unha vez máis, prexudicados por estas políticas de autobombo ás que xa nos ten afeitos o partido do goberno.

No pleno ordinario do mes de setembro de 2013, aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo PP e emendada polo BNG instando ao goberno local a que no prazo máximo dun mes presentase unha alternativa de local permanente que garantise a atención aos usuarios e usuarias de Sereos con calidade e dignidade, logo de dialogar e consensuar a alternativa proposta cos grupos municipais e cos colectivos implicado sen exclusión de ninguén. A realidade é que sete meses despois este servizo segue sen contar cun local digno despois de varios intentos por parte deste goberno de situalo en distintos lugares, sen dialogar con ninguén e aumentando a conflitividade e o rexeitamento social a un servizo especialmente sensible. Os usuarios e usuarias seguen na rúa e moitos xa quedaron polo camiño porén, no proxecto de orzamentos para 2014 presentado polo goberno municipal non aparece ningunha partida para este servizo.

No pleno ordinario de decembro de 2013, aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo BNG instando ao goberno municipal á creación dun bonobús gratuito para as persoas en paro de longa duración e para as que carezan de fonte de ingresos coa aclaración do voto por parte do grupo socialista, que goberna en minoría, de que estaban a favor pero "condicionado á posibilidade de que isto se poida encaixar no Orzamento". O certo é que non houbo ningunha intención de "encaixalo no orzamento", de feito, desde o primeiro momento se dixo por parte do goberno que era inasumíbel economicamente facendo unhas previsións dos custes absolutamente desproporcionadas e que cada día aumentaban e negándose a estudar calquera posibilidade de negociación e diálogo para a modificación do acordo que permitise asumilo aínda que fose parcialmente. Por suposto, no proxecto de orzamentos para este ano non se contempla a subvención de billetes de autobús para persoas desempregadas sen ingresos aínda que si se contempla a subvención de billetes de avión sen ningún tipo de condición.

Estes tres acordos aos que nos referimos son só algúns exemplos dos incumprimentos reiterados deste goberno dos acordos plenarios. En múltiples ocasións os grupos municipais da oposición reclamamos a este goberno o cumprimento dos acordos plenarios, agora o BNG trae a este pleno unha moción que pretende reclamar do goberno municipal o respecto do funcionamento democrático e dos seus organismos nos que nos atopamos representadas as distintas forzas políticas por vontade da cidadanía.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

- Instar ao goberno municipal a facer efectivo o cumprimento de todos os acordos plenarios acadados por respecto ao funcionamento democrático e á cidadanía viguesa."

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 21 de abril de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: Traemos esta moción a este Pleno porque parécenos que hai cuestións que son de puro sentido común e de respecto democrático básico e unha desas cuestións é precisamente respectar, executar os acordos aos que se chega neste Pleno, no Pleno do Concello de Vigo no que estamos as distintas forzas políticas representando á cidadanía que nos elixiu democraticamente nos urnas. Cada forza política aquí defende as súas posicións, fai propostas ás outras forzas políticas que as veces acadan un resultado favorable de apoio da maioría ou por unanimidade da Corporación e que outras veces son rexeitadas. En calquera dos casos o Goberno Municipal e máis neste caso que é un Goberno en minoría ten que ter conta destas decisións que se adoptan no Pleno da Corporación. Por isto, nos últimos tempos vemos que esta situación non se está dando senón máis ben ao contrario, é case sistemática a falla de respecto aos acordos adoptados neste Pleno do Concello de Vigo por parte do Goberno Municipal, algo que levamos tempo denunciando as forzas políticas que estamos na oposición.

Nesta moción, na exposición de motivos, poñemos dende o Bloque Nacionalista Galego tres exemplos simplemente que nos parecen especialmente importantes, no Pleno ordinario do mes xullo de 2013 aprobouse unha moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego cos votos a favor do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista e a abstención do Partido Popular instando ao Goberno Municipal á presentación dun plan anual de publicidade e comunicación, dunha memoria dos gastos de publicidade e propaganda realizados ata esa data e da previsión dos gastos que habían de realizarse ata finais de ano e a día de hoxe seguimos sen saber de onde saíron os cartos dedicados a importantes campañas de publicidade e propaganda de claro corte partidista que nós denunciemos nesa altura. Vemos ademais que no proxecto de Orzamentos presentado para esta ano non se fai esforzo ningún en reducir os gastos de publicidade e propaganda e moito nos tememos que haberá programas que saíran unha vez prexudicados por estas

políticas de autobombo ás que xa nos ten afeitos o partido do Goberno.

No Pleno ordinario do mes setembro de 2013 dous meses despois aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo Partido Popular e emendada polo Bloque Nacionalista Galego instando ao Goberno Local a que no prazo máximo dun mes presentase unha alternativa de local permanente que garanta á atención aos usuarios/as de Sereos con calidade e dignidade, logo de dialogar e consensuar a alternativa proposta cos grupos municipais e cos colectivos implicados sen exclusión de ninguén. A realidade é que sete meses despois este servizo segue sen contar cun local digno despois de varios intentos por parte deste Goberno de situalo en distintos lugares, sen dialogar con ninguén e aumentando a conflictividade e o rexeitamento social a un servizo especialmente sensible. Os usuarios/as a día de hoxe seguen na rúa, e moitos por desgraza xa quedaron no camiño, por iso no proxecto de orzamentos de 2014 presentado polo Goberno Municipal non aparece ningunha partida para este servizo.

No Pleno ordinario de decembro de 2013 aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego instando ao Goberno Municipal a creación dun bono-bus gratuíto para as persoas en paro de longa duración e para as que carezan de fonte de ingresos, coa aclaración do voto por parte do Grupo Socialista que goberna en minoría, de que estaban a favor pero condicionado á posibilidade de que isto se poida encaixar no orzamento. O certo é que non houbo ningún intento de encaixalo no orzamento, dende o primeiro momento díxose que era inasumible, fixéronse unhas previsións dos custes desta medida absolutamente desproporcionadas e negouse a estudar calquera posibilidade de negociación desta proposta. Por suposto no proxecto de orzamentos deste ano non se contempla a subvención de billetes de autobús para persoas desempregadas sen ingresos aínda que si se contempla a subvención de billetes de avión sen ningún tipo de condición. Estes tres acordos, insisto, son só algúns exemplos que a nós nos parecen especialmente importantes polas graves consecuencias que teñen para sectores sociais, especialmente desfavorecidos e para a situación económica en xeral deste Concello e polo tanto, instamos ao Goberno Municipal a facer efectivo o cumprimento de tódolos acordos plenarios acadados por respecto ao funcionamento democrático e á cidadanía viguesa.



SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Para os cidadáns que por primeira vez escoitan, lean ou vexan algunha referencia ao Pleno de hoxe e en concreto sobre esta moción que hoxe se presenta, preguntaranse que facemos os concelleiros para ter que votar ata en tres ocasións a mesma proposta. Hoxe o Bloque Nacionalista Galego pide que votemos a ratificación de algo que xa votamos e que debería estar en proceso de tramitación. A responsabilidade de executar os acordos correspóndenlle ao Goberno, non facelo nos lle deixa en bo lugar como xestores e como políticos.

Cada un no seu papel político é autor dos seus actos e neste caso que hoxe é obxecto de debate tamén temos que esixir responsabilidades e temos que manifestar alto e claro que os acordos son para cumprirse e non para archivar.

O Grupo Municipal do Partido Popular foi o primeiro en solicitar en distintas roldas de prensa e mediante moción que presentamos en novembro de ano 2012, o cumprimento do tódolos acordos que saíran das sesións plenarias. Por que? Por coherencia, porque estamos sentados nestas bancadas para defender os intereses xerais dos vigueses/as, e eses intereses xerais que representamos os concelleiros a través dos distintos grupos políticos teñen, se son aprobados, que levarse a cabo, tramitarse, executarse e cumprirse. Non hai outra maneira de facer política, para iso a lei en democracia nos outorga a potestade coa maioría dos votos para aprobar ou rexeitar todos e cada un dos acordos plenarios sexan da importancia que sexan. Os votos e as aprobacións plenarias valen igual para sacar adiante un orzamento, un proxecto de cidade, un plan xeral que para instalar un semáforo se o solicita un veciño e mediante moción o acorda e aproba a corporación.

Dito isto, a congruencia hai que saber medila, neste caso a do Bloque Nacionalista Galego, que ben por oportunismo ou polo momento político que vivimos, presenta esta moción agora que non goberna co Partido Socialista e rexeita participar na aprobación do Orzamentos deste ano. Señores do Bloque Nacionalista Galego, hai que lembrarilles que se esquecen de que durante seis anos participaron do Goberno da cidade cos señores do Partido Socialista e aprobaron seis Orzamentos municipais e xamais advertiron e utilizaron como condición “sine qua non” para aprobar os mesmos que antes se executasen todos os acordos plenarios aprobados ata a data, se conseguiron é certo, que algúns fosen parte das súas negociacións pero outros moitos quedaron no conxelador.

Ante esta situación manifestar que o Partido Popular denunciou no seu día que

máis de cincuenta acordos plenarios estaban sen cumprirse e sen executarse, e reiterámolo en máis dunha ocasión, pero nós claro que defendemos o cumprimento de tódalas mocións, de tódolos acordos e convenios, claro que tamén seguiremos denunciando esta situación se todo segue igual e se repite, como o fixemos no seu día e o seguiremos facendo, aínda que con estas espiral, como isto siga así e sigamos votando a mesma moción unha, dúas, tres, catro veces para que se cumpra, pedir como pediron vostedes que se cree unha comisión para levar o seguimento das mocións aprobadas en Pleno, nos situaría nunha situación de “hazmerreír” diante dos cidadáns e o que é máis grave, estaríase rindo dos cidadáns o goberno por non executar o acordo das mesmas.

SR. LÓPEZ FONT: Teño que afirmar taxativamente que este Goberno cumpre as leis, e os acordos que se adoptan no Pleno en función do seu contido, pódense cumprir ou non, ogallá se puideran cumprir o acordo que adoptamos antes, sobre o hospital e moitos que adoptamos, pero poden haber outros que non sexan de obrigado cumprimento e o exemplo do transporte ao que me referirei posteriormente é un exemplo moi claro.

Aproveitase a moción para poñer tres exemplos, e os tres son cuestionables.

Primeiro, Sereos que ao que se refire nós executamos o acordo deste Pleno na busca dun local, pero nós nunca dixemos que houbera que sacalos do local anterior porque aquela zona era botellón, e vostedes si o dixeron. Co cal temos que lembrar todos o que dixemos.

Quero ir brevemente referíndome: publicidade, limpeza e transparencia absoluta, en Orzamentos está, en Mesa de Contratación, en acordos de Xunta de Goberno, co cal se vostedes din descoñecer unha partidas concreta de publicidade é porque non viron os acordos nin de Pleno, nin de Mesa de Contratación, nin de Xunta de Goberno, pero fágolles unha afirmación o gasto hoxe en publicidade é menor que cando gobernábamos con vostedes.

Relativo ao transporte, efectivamente, ademais vostede dio na súa moción, nós votamos a favor de determinada medida sobre bono de transporte condicionado ao tema orzamentario e iso de que non tratamos de encaixalo é absolutamente falso, porque ao día seguinte sabíamos cantos parados de longa duración había, canta media de familiar puidera ter cada parado de longa duración e poderíamos estar

entre trinta e cincuenta millóns. Non quero ningunha risa sobre o tema das cantidades porque é así, non se pode dicir que isto vale catro euros e ademais é inxusto porque a política que este Concello, e tamén gobernamos con vostedes, en materia de transporte público ten todo tipo de bonos, o normal, para estudante, universitario, pensionista 1 gratuíto, pensionista 2 gratuíto, ten para parados que tamén o acordamos no seu momento e tamén para persoas de mobilidade reducida. Polo tanto, sorprende que se queira dicir que non hai política social neste Concello cando si o hai. Ese acordo era absolutamente inviable e por iso dicía anteriormente o da dificultade para cumprir o que se puidera acordar, o que o pasa é que eu lle preguntaría a vostedes, esta política como Bloque Nacionalista Galego que presumen de ter unha coherencia a nivel de toda Galicia a aplicaron en A Coruña cando gobernaban ou aplicana en Pontevedra? Non, radicalmente non, seguro que si lle preguntamos aos responsables de alí darían argumentos parecidos aos que eu estou dicindo.

Polo tanto, transporte público subvención ao cidadá non á empresa, que eu sempre o digo, a máxima de Galicia. Este Pleno non é un taboleiro de xadrez, eu non sei se esta moción vai contra nós, contra o Partido Popular, pero aquí neste Pleno débese exercitar a responsabilidade. A responsabilidade está nos orzamentos, e no Pleno do mes pasado o Bloque Nacionalista Galego facíanos rir e todos celebrabamos con risa unha canción do Sr. Domínguez, pero o problema é que o venres, cando se debatan aquí os Orzamentos o Bloque Nacionalista Galego en vez de rir vai chorar, e vai chorar porque non vai ser capaz de explicarlle aos seus cidadáns como está en contra da axuda alimenticia, de que haxa pisos para as persoas que o necesitan por desafiuzamentos e como está en contra de tódalas medidas que van neses Orzamentos e que vostedes coñecen.

Sra. Veloso, que tremenda decepción con vostedes, gobernamos catro anos, acordamos seis orzamentos e neste momento cando máis o necesitan os cidadáns que se pode facer política social, vostedes nin se quixeron sentar a negociar uns orzamentos, esa é responsabilidade da que falaba anteriormente . Non me contesten facilmente dicindo que os decepcionados son vostedes con nós porque a coherencia de seis anos e o que melloramos esta cidade é unha realidade.

SRA. VELOSO RÍOS: Non vou contestar que somos nós os decepcionados co Partido

Socialista porque de toda a vida sabemos quen é o Partido Socialista e a decepción está en función das expectativas que se teñan. Nós facemos sempre esforzos por chegar a acordos e por conseguir que o Goberno desta cidade atenda ás necesidades da cidadanía, e nós facemos e fixemos moitos esforzos para que o Goberno desta cidade atendese ás persoas que non teñen recursos para que poidan coller un autobús, para que poidan ir á compra, vestir aos seus fixos, para que as familias desta cidade que están sendo desafiuzadas, lanzadas das súas casas por non poder pagar a hipoteca ou mesmo os alugueres, as veces mesmo por non poder pagar os alugueres da propia Xunta de Galicia teñan unha vivenda onde meterse. Facemos e fixemos sempre esforzos para que haxa un sistema de educación pública que atenda a tódolos nenos/as e que non teñan que comprar os libros se non teñen recursos, facemos esforzos para que a Sanidade sexa pública e conte con tódolos recursos necesarios nesta cidade, tamén porque non, cunha unidade para lesionados medulares nesta cidade, tamén facemos tódolos esforzos. Pero a cuestión é que aquí hai dous partidos, o Partido Socialista e o Partido Popular que chegaron a un acordo, e chegan a un acordo non para defender a sanidade pública, a educación pública, o dereito a unha vivenda, o dereito a cuestións básicas como o transporte, alimentación ou a roupa, senón para subvencionar billetes de avión, para facelas acometidas dun hospital privatizado, para malvender pisos de propiedade municipal, esa é a realidade, porque si que é certo que houbo unha resistencia constante por parte deste goberno para asumir medidas sociais como o Plan Social contra a Crise ou asumir medidas como o Plan de Emprego, que agora vese claramente recortado nestes orzamentos pactados polo Partido Popular e o Partido Socialista. Un pacto que si nos vai facer chorar, pero non ao Bloque Nacionalista Galego á cidadanía, un pacto que se empeza a manifestar ademais en acordos sorprendentes nos que o propio Partido Socialista lle ofrece saídas ao Partido Popular como acaba de acontecer na moción anterior no que o propio Partido Socialista renuncia a reclamar dereitos para os vigueses/as, veremos en que da este pacto.

Nós o que estamos pedindo aquí é o cumprimento dos acordos democráticos, e si acordos democráticos que se toman neste Pleno deste Concello e que podían estar introducidos nos Orzamentos do 2014 se o Partido Popular tivese querido, pero non fixo nin unha soa emenda ao proxecto de Orzamentos.

PRESIDENCIA: Acaba vostede de facer unha alusión ao acordo anterior, acaba de facer unha interpretación política. Vostedes non están votando o acordo anterior porque o Alcalde de Pontevedra non lles deixa, vostedes non están votando o desdobramento do Tribunal Superior de Xustiza porque o Bloque de Galicia non lles deixa, vostedes son reféns da posición política do Bloque Nacionalista Galego en Pontevedra e en Galicia. Por iso vostedes nesta decisión anterior acaban unha vez máis de volver a traizoar á cidade de Vigo porque o seu responsables en Pontevedra e en Galicia non lles deixan votar ao que vostedes lles gustaría votar, porque vostedes son dependentes das decisións políticas dos seus líderes dos partidos en Pontevedra e en Santiago de Compostela e vostedes na votación anterior están tratando de esconder a súa propia debilidade política, están tratando de esconder a debilidade política deste Bloque Nacionalista Galego, nesta Galicia, e a vostedes acabanlle de impoñer unha decisión, que non defendan á cidade de Vigo, que se queden nesa posición cómoda de que segan as cousas como están, non, hai que definirse sobre que imos apoiar, se chega o momento porque pode chegar o momento entre Vigo, Pontevedra e A Coruña, hai que definirse e vostedes non se acaban de definir porque a súa estrutura política non lles deixa definirse. Por tanto, Sra. Veloso, eu pretendía nese tema non entrar neste debate político, pero vostede quixo entrar e se vostede quere entrar o levarémolo adiante, aquí neste Pleno, diante dos medios, na rúa porque vaticínolle que vai chegar ese momento, desafortunadamente a lei Gallardón vai a continuar e vai chegar ese momento e vostedes volverán estar a disposición do Alcalde de Pontevedra e dos seus líderes políticos en Galicia.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e nove votos en contra dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey,

López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, instando ao Goberno Municipal a facer efectivo o cumprimento de tódolos acordos plenarios acadados, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(70).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A DESEÑAR UNHA PROGRAMACIÓN CULTURAL QUE MOSTRE A DIMENSIÓN DO ACHADO, NO ANO 1914, DO PERGAMINO VINDEL. EXPTE. 878/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de abril de 2014, número 878/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“Neste ano 2014 cúmprese 100 anos do descubrimento do Pergamino Vindel, achado en 1914, que contén sete cantigas de amigo -seis delas con notación musical- atribuídas ao trovador galego Martín Codax. Dada a extraordinaria repercusión que ha ter dentro da comunidade investigadora e ante a sociedade, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal,

A deseñar unha programación cultural e educativa que abarque a dimensión deste achado para potenciar na nosa cidade e a súa imaxe, o extraordinario monumento literario musical que significa a obra de Martín Codax. Poucas oportunidades existen na nosa cidade para organizar actos culturais e educativos que se relacionen coa historia, cultura e patrimonio desta cidade. Desexamos unha programación rigorosa pero tamén lúdica, na que a sociedade poida participar.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 21 de abril de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. RELOVA QUINTEIRO: Moitas gracias ao meu voceiro o Sr. Figueroa por darme esta oportunidade tan increíble, histórica. Creo que é unha débeda histórica a que ten esta cidade, que vai ser imposible de pagar por moitos anos e a responsabilidade non a ten ninguén máis que a propia historia, non estou facendo ningún tipo de reproche.

Pero vou facer unha pequena comparación cunha novela de ficción que non é real que é o famoso “El código Da Vinci”, de Dan Brown, no que todo é pura ficción, pura mentira pero como din os italianos “non è vero pero è ben trovato”, está moi ben contado. Pero curiosamente a historia das Cantigas de Martín Códax si que son reais porque dende finais do século XIII ata hoxe, o século XXI toda a historia que pasou do “Pergamiño Vindel”, a historia das cantigas, sete cancións que son un auténtico ciclo erótico de amor sensual, dunha muller que chora, bota de menos diante do mar de Vigo, fala de bañarse no mar de Vigo, fala ás ondas do mar de Vigo, fai un exercicio poético tremendo en boca dunha muller, pero quen escribe é un home que nada e nada menos xa se da por feito que é un vigués, porque as referencias á igrexa, as praias e as ondas do mar de Vigo evidentemente Martín Códax ten que ser vigués.

Pero é curioso que é precisamente en Brasil onde quero comezar a miña moción de hoxe, cun artigo que titula Martín Códax emigra a Sao Paulo, por que? Porque no 2011 un dos mellores espectáculos do mundo de danza contemporánea co grupo O Corpo Brasileiro e con música e arranxos de Carlos Múñez das Cantigas de Amigo de Martín Códax, foron a gran revelación do mundo no ano 2011-2012, un grupo de música contemporánea brasileiro.

Pero curiosamente outra nota importante que quero facer chegar aquí e que se coñeza é que nas escolas a literatura e a lingua portuguesa apréndese precisamente coas cantigas de Amigo ou de Amor de Martín Códax. Tamén

ensínase música nas escolas de música en Brasil coas cantigas de Martín Códax. Digo isto que é curioso porque directores de cine como Amenabar, Carlos Saura e o propio National Geographic, teñen moitos interese na trama de como percorreron pola historia estas famosas sete Cantigas, seis das cales teñen música.

Pero habería que falar nada máis e nada menos que doutro vigués, Teodosio Vesteiro Torres que foi o primeiro español galego de Vigo que descubriu a importancia de Martín Códax que tería en literatura e que desgraciadamente despois de publicar no heraldo da "Región de Orense" todo un artigo en 1876 sobre Martín Códax resulta que aos cinco días suicídase nunha sala do Museo do Prado, para que vexan o terrible de todo isto, ninguén sabe por que motivo pero ten que ver unha relación co pergamiño.

Curiosamente en 1914, é isto é o importante, descúbrese por casualidade Pedro Vindel en Madrid un libreiro que non sabía ler, intúe que unhas tapas dun libro de Cicerón, "De officiis" son nada máis e nada menos que as sete Cantigas, seis con música de Martín Códax, a partires de aquí desaparece de novo o pergamiño en 1914, aparece en Utsala, de aquí a Londres, de Londres pasa a biblioteca Morgan en New York. Esta é a biblioteca Morgan de New York e este é o códice do noso querido Martín Códax, alí está baixo dez metros baixo terra, nunha cámara acoirazada imposible de visitar se non es unha persoa especialista, a biblioteca Morgan dende 1977. Segundo tódolos expertos do mundo e non é a miña frase din que o achado máis espectacular do século XX, dio Bisel Beltrán catedrático da Universidade Autónoma de Barcelona, co cal creo que debemos tomar conciencia tódolos grupos historicamente este achado, que xusto este ano hai cen anos que se descubriu deste pergamiño que fala de Vigo, das mulleres de Vigo, do amor, unha historia erótica, de sete cancións que posiblemente sexan un ciclo realmente dunha historia que narra co trasfondo do mar, con todo o simbólico que é o mundo de mar de Vigo.

Evidentemente nesta primeira parte non me deu tempo a expoñelo todo, así que me reservo para os tres minutos seguintes.

SRA. VELOSO RÍOS: Ao Sr. Relova se quere cédolle catro minutos porque a min vanme sobrar, e que nós só temos unha cousa que dicir, nós somos conscientes da importancia do pergamiño, e somos conscientes da importancia transcendental que



ten para a nosa cultura e a nosa historia o traballo de Martín Códax, e nos deixa realmente abraiados, o pobre Martín Códax se levantase a cabeza igual a volví a enterrar, que vostede estea defendendo esta moción en castelán e para nós a mellor defensa de Martín Códax e do seu legado é que vostedes utilicen o galego.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: A verdade que son destes momentos que a un o reconcilian co mellor da política, unha moción coma súa, porque ao lado dunha petición, reclamación no ámbito do que é a solicitude para reivindicar a memoria e poñela en valor do achado, do aniversario do pergamiño de Pedro Vindel, ao seu lado hai algo máis, hai a erudición que recoñezo e agradezo porque pon en valor ao político e tamén a tódolos que temos a sorte de escoitalo.

Eu tamén vou falar en castelán porque estou no meu dereito de facelo e quero que con iso non desmerezo nin moito menos o poñer en valor a figura de Pedro Vindel e o que significa a data e xa non digamos o legado de Martín Códax na historia e no devir, non só desta cidade senón da literatura e do coñecemento da música e dos valores mellores da nosa comunidade.

Polo tanto, gracias Sr. Relova por traer a este Pleno a súa moción, o compromiso desta concellería, deste grupo é ao longo do que queda deste ano, como xa o está facendo o departamento que dirixe a miña compañeira de Normalización Lingüística e Educación poñer e valor a figura do que significa esta data, e polo tanto dende Normalización Lingüística como de Educación, como de Cultura comprometémonos a facer unha serie de accións ao longo do que queda de ano que en vinte días nos comprometemos a comunicalas á tódolos grupos.

Creo que con iso, por suposto non sería todo o que se merecese esta data fundamental na historia da nosa cidade e na transcendencia deste pergamiño, pero si que é un recoñecemento público dos valores que significa esta data e sobre todo o legado de Martín Códax.

Polo tanto, agradecéndolle unha vez máis o que nos traía e incentive o que podamos poñer en valor esta figura dos ámbitos das tres concellerías relacionadas co tema, pois simplemente a comprometerme que nuns vinte días aproximadamente comunicarlle as actividades que con este ano vanse realizar.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Eu dicíalle ao Sr. Alcalde que vai ter moito tempo no 2015

para escribir un libro e dáballe a idea, porque xa non vai ter que gobernar esta cidade e vai estar relaxado e tranquilo e podería escribir un libro, é un aceno a un intelectual.

Eu só lle digo a Sra. Veloso que posiblemente teña razón, non lla vou quitar, pero é que a música medieval a tradicional non ten fronteiras xeográficas, nin estéticas. Estamos falando dun señor que se chama Martín Códax que é Patrimonio da Humanidade onde os ingleses falan a lingua inglesa e defenden a Martín Códax en inglés, isto non é un recurso para defender a Martín Códax, evidentemente, ten vostede toda a razón do mundo mundial, pero Martín Códax é patrimonio universal, en Cuba, en Brasil, en Inglaterra, en toda Europa, desgraciadamente aquí en Vigo aínda non se sabe a gran dimensión que ten este señor. É, de verdade, máis importante do que nós nos supoñemos, quixen facela de memoria a miña moción porque tiña medo de que se me escapara, non cría que se merecese Martín Códax un recital de palabras e letras etc. senón a emoción dunha persoa que está namorado desta cidade, do que representa e do que representou historicamente e vai representar durante moito tempo porque é o único documento escrito que queda con música onde unha muller fala ao seu namorado mirando e falando das igrexas de Vigo, das praias, do mar de Vigo, etc.

Co cal eu agradézolle ao Sr. Rodríguez Escudero as súas palabras, de verdade, é todo un señor, quítome o sombreiro polo seu respecto e eu creo que o primeiro que poderíamos facer e animalo Sr. Rodríguez Escudero, é que esas noites brancas que o ano pasado tiveron tanto éxito foran temáticas ao redor da figura de Martín Códax, por exemplo. Eu non son quen para darlle clases a vostede nin a Sra. Abelairas para facer cousas ao redor da figura de Martín Códax.

Dende logo a Xunta de Galicia cumpriu os seus deberes porque presentaron a nova edición cun director italiano de filoloxía, etc.

As últimas grandes cuestións que se fixeron curiosamente foron na época da Sra. Corina Porro, téñoos que dicilo así porque hai un monumento no Paseo Alfonso XII aos trovadores, a Martín Códax, etc. pero non só iso, por dúas veces encargáronselle a dous compositores ao Sr. Javier Arias e ao Sr. Fernando Soutullo as novas cantigas do terceiro milenio cos textos de Martín Códax. Co cal estamos falando de documentais, de National Geographic, etc. pero é que aquí tamén hai moito audiovisual, o outro día falábamos da defensa do Audiovisual, pódese dar

a estes mozos a oportunidade de facer un documental sobre patrimonio noso, estamos a falar de patrimonio, turismo, imaxe, de creación, de composición musical, de filoloxía, etc. son tantas cousas e sobre todo o emblemático que é cara o mundo que se saiba máis en Inglaterra, era o que viña a dicir ao principio que se saiba máis de Martín Códax que na nosa terra. E que saiba máis en New York, na Morgan onde está o códice e que hai pouco as persoas que o puideron ver, os especialistas, falaban dunha gran emoción que tiñan ó ver o nome de Martín Códax no Pergamiño Vindel. Ver que un dos mellores grupos de danza contemporánea O Corpo, que estreou e aquí en Galicia tamén non estaría mal, non creo que sexa excesivamente caro.

PRESIDENCIA: Vou aproveitar para darlle un consello cariñoso de que non participe en nada relacionado con xogos de azar e nin que comprenda prognósticos porque vai perder e estou seguro tamén que entre 2015-2019 vai ter vostede unha inmensa posibilidade de aumentar a súa bagaxe cultural porque vai seguir aí sentado sen gobernar.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, instando ao Goberno Municipal a deseñar unha programación cultural que mostre a dimensión do “Pergamino Vindel”, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A(71). MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

##### **4.A.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

**INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN COMPOSTA POLOS GRUPOS POLÍTICOS E TÉCNICOS MUNICIPAIS PARA ACADAR UN CONSENSO SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO AREAL DE SAMIL. EXPTE. 887/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de abril de 2014, número 887/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte,

**MOCIÓN URXENTE:**

“Tendo en conta as derradeiras decisións co goberno municipal esta a levar con relación ao contorno do areal de Samil, así como o que plantexa o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo para todos os espazos dese lugar, parécenos o momento oportuno para falar, intentando atopar o maior consenso posible, sobre o futuro que desexamos para Samil cara as próximas décadas.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

"Instar ao goberno municipal a creación dunha comisión composta polos grupos políticos e técnicos involucrados co desenrolo de Samil para acadar unha postura de consenso en canto ao futuro do principal areal vigués”.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase incluír a moción na orde do día.

**DEBATE.-**

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: A pretensión do Grupo Municipal do Partido Popular presentando hoxe esta moción, é atopar un camiño de diálogo, negociación e consenso final que é ao que queremos chegar para o futuro de Samil de cara as próximas décadas. Unha praia urbana cun lugar de esparexemento, un entorno polideportivo, unha zona verde, un bosque todo isto aderezado con distintos servizos é o que hoxe temos nesa lingua verde de Samil.

O deseño actual de Samil dende a praia da Fonte ata a desembocadura do río Lagares ofrécenos un borde litoral con zona boscosa, novo espacio do entorno das Dornas, zonas rexeneradas co novo arboredo, cafetería Camaleón, pista de patinaxe, pista de skate, cafetería San Remo, piscina, outra piscina con zona verde, pista de baloncesto, cafetería Jonhatan, aparcadoiros público, zona de venta ambulante, piscina, pista polideportiva, zona verde, aparcadoiros público, outra zona verde con piscinas, parking infantil, pista polideportiva, aparcadoiros e complexo polideportivo de Samil como dicía anteriormente. A pregunta é queremos o mesmo, o actual para o futuro ou buscamos novas alternativas que prevexan o crecemento e fundamentalmente a perda do areal e as necesidades que demanden os cidadáns.

Samil é patrimonio de todos, e como tal, debemos ser todos os que opinemos e consensuemos que queremos facer nesta zona da nosa cidade. As últimas decisións do Goberno Municipal demóstrannos que politicamente a planificación é impulsiva e nada reflexiva.

Con facer máis do mesmo cúmprese cun requisito de mínimos, sen pensar nos máximos que ofrece todo o entorno. Derrubar unha infraestrutura como a cafetería As Dornas, quitar unha concesión a trinta anos doutro local, dicir que hai que retranquear o paseo e facelo máis ancho e falar dun novo proxecto para todo ese litoral ao mesmo tempo non resulta nin coherente, nin congruente. Nos queixamos da previsión esquecida no seu día por quen foi planificando pouco a pouco Samil, hoxe temos unha oportunidade e non podemos desaproveitala, non sería máis razoable que cesásemos nese ímpeto por facer, facer e seguir facendo pero co acordo de todos e claridade de ideas sobre o futuro que nos demandan o que resulta acorde e o que deberíamos avalar todos.

O Plan Xeral marca unha liña a seguir que temos que desenvolver e aínda que o momento non sexa o máis adecuado economicamente falando, podemos ir traballando en función das oportunidades que nos están presentando como a derruba das Dornas, a nova concesión do Jonhatan para traballar de cara ao novo Samil.

Tódolos indicios medio ambientais aconsellan o retranqueo do paseo para gañar areal e non perdelo, as consecuencias nos obrigan a pensar que facer con servizos alí instalados hipotecados como concesións que chegarían agora mesmo ata o ano

2044 e concesións que pasado mañá, por dicilo dunha maneira sinxela, no 2016 finalizan como é o caso do Hotel Samil.

Por outra banda estamos perdendo masa arbórea, zonas de sombra que permitan descansar do sol e dean acubillo aos que optan por gozar dos días de bo tempo nese espacio.

Todo o entorno de Samil ten que ofrecer distintas alternativas que compaxinen as maneiras en que os cidadáns teñen para gozar nas súas horas, semanas e días de asueto.

Pero a rexeneración da praia de Samil é imprescindible como elemento por excelencia de atracción turística e de servizo aos vigueses, e ata o día de hoxe actuouse de distinta forma, e explico isto, en xuño de 2006 gobernando o Partido Popular e sendo concelleiro de Medio Ambiente o Sr. Figueroa Vila, rexenerouse e recuperáronse as dunas da praia do Vao, hoxe é un exemplo que non só constatan os cidadáns senón tamén por artigos e comentarios que se viñeron vertendo en tódolos medios de comunicación da cidade. Aprobouse un Plan Xeral no 2008 que fala do retranqueo do muro e dos servizos para non perder e gañar areal, fálase tamén dunha concesión á cafetería Jonhatan que vai hipotecar toda esa lingua verde ata o ano 2044, e seguramente nuns instantes o Sr. Regades desempoará un dossier con fotos e documentación que no seu día leváronlle á Ministra a Sra. Espinosa, para dicirlle que querían recuperar e rexenerar a praia de Samil, non sabemos, descoñecemos o que pode aportar, o hoxe desempoado proxecto pero evidentemente estas catro posturas son incongruentes entre si.

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego leva tempo preocupado pola posible saída a concurso da concesión do Jonhatan e de feito presentou unha pregunta neste Pleno, que no seu momento no obtivo resposta por parte do Goberno Municipal, algo ao que tamén nos está acostumando ultimamente, igual que o Goberno xa nos está acostumando a non cumprir os acordos plenarios, tamén nos está acostumando a non responder as preguntas que presentamos, nin sequera cando as facemos por escrito.

Fixemos unha pregunta sobre a concesión do Jonhatan porque tamén compartíamos ese criterio de, por unha banda dar cumprimento ao Plan Xeral, e por outra banda mantela coherencia coa actuación que se desenvolvera

derrubando o edificio das Dornas, co que nós evidentemente estabamos de acordo. No mesmo sentido entendíamos que tamén ese tiña que ser o destino do edificio de Jonhatan e atopámosnos sen obter esa resposta por parte do Goberno Municipal, coa sorpresa de que se anuncia que sae a concurso a concesión dese local de hostalería.

Estamos falando dunha parte da cidade especialmente sensible, cun valor ecolóxico moi importante e que hai moitos anos que nesta cidade estase reclamando a súa recuperación. Efectivamente temos un exemplo na nosa cidade de recuperación do litoral que ven un pouco antes de que gobernase o Partido Popular nesta cidade, como é a recuperación da praia do Vao, quizais debería acordarse do traballo do concelleiro de Medio Ambiente daquela o Sr. Amador Fernández, para deixar todo listo para que esa recuperación se puidese facer, que iso non se fai a golpe de asinar un expediente. Recuperouse a zona do litoral do Vao, e nós reclamamos dende hai moito tempo tamén a recuperación da zona de Alcabre e de Samil. Entendemos que en cumprimento do Plan Xeral que si recolle ademais a protección ambiental desta zona, si hai que poñer en valor esa recuperación ambiental desta zona recollida no Plan Xeral, o primeiro que hai que facer por unha banda, é respectar o Plan Xeral na zona de Samil e por suposto non quitar a concurso a adxudicación desta concesión administrativa do edificio do Jonhatan, nós entendemos que esta é realmente unha condena a moitos anos máis se poder recuperar a praia de Samil. Nós estamos de acordo con esta proposta que fai o Partido Popular de crear unha comisión, Sr. Bernárdez son vostedes os expertos en propoñer comisións, foron vostedes os que propuxeron unha comisión de seguimento das mocións, non nós, son vostedes os que propuxeron unha comisión sobre o Auditorio que non chegou a nada, e moito menos despois do acordo que chegaron co Partido Socialista e son vostedes os que propoñen aquí unha comisión. Unha comisión que para nós ten que ter como eixo fundamental a recuperación ambiental de Samil, non a actividade hostaleira desta cidade, non é actividade hostaleira a que ten que condicionar a recuperación de Samil, pero tamén quereríamos engadir a esta moción dous puntos que nos parecen fundamentais, por unha banda, instar ao Goberno Municipal a respectar o actual PXOM, e por outra banda instar ao Goberno Municipal a que mentres a comisión non emita as súas conclusións se paralice o procedemento de adxudicación de

novas concesións administrativas na praia de Samil. Sabemos que tamén o Partido Socialista presenta unha emenda a esta moción que insta ao Goberno de España a adoptar urxentemente a partida orzamentaria que permita realizar o proxecto que obra en poder do Ministerio de Medio Ambiente, de reforma da praia de Samil e Alcabre. Nós tamén estamos a favor, nós estamos reclamando a actuación para recuperar o litoral da nosa cidade, estamos de acordo.

Se se quita a concurso e se adxudica a concesión deste local de hostalería evidentemente xa daría igual que o Goberno destinase orzamentos ou non, porque xa non poderíamos executar este Plan de recuperación do litoral. Entón nós cremos que esta emenda que presenta o Partido Socialista reforza aínda a nosa proposta de que non saia a concurso a concesión deste local. Nós aceptaríamos tamén con que esta emenda que presenta o Partido Socialista fose unha emenda de engádeda porque calquera destas propostas é necesaria para que consigamos recuperar a praia de Samil para a cidadanía viguesa.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade é que o Partido Popular tennos acostumados a que en Madrid diga unha cousa e en Vigo diga outra, víamos antes como o Sr. Fidalgo dicía unha cousa e o Sr. Gallardón di unha cousa completamente contraria, pero Sr. Bernárdez ao que non nos ten moi acostumados o Partido Popular é que o propio Sr. Bernárdez nunhas horas cambie completamente o seu discurso, o 28 de febreiro o Sr. Bernárdez vai a Samil e dille dende Samil ao Goberno Municipal, que tipo de celeridade vaise levar a cabo en ambos proxectos? Referíndose ao proxecto da concesión do Jonhatan e ó proceso da derruba das Dornas, e dicía máis, cuestionouse a falla de celeridade para quitar a concesión do vello edificio do Jonhatan. É dicir, Sr. Bernárdez, era verdade o que dicía o 28 de febreiro ou é verdade o que di hoxe.

Eu quería traer aquí un acordo plenario aprobado polo tres grupos que compoñen este Pleno, un acordo plenario do día 26 de febreiro do ano 2013, e o Pleno por unanimidade solicitáballe ao Goberno de España a reforma de Samil. Eu creo que cando algo queremos que non se faga creamos unha comisión, eu creo que esta cidade e a administración en xeral, xa esta farta de tantas comisións e chegou o momento da opción, de que se fagan cousas, eu imaxino Sr. Bernárdez de que cambiou o discurso, antes dicía unha cousa e agora di outra, e eu entendo por que,



vostedes teñen un candidato a Europa, un ministro de agricultura que na cidade de Vigo non fixo nada de nada, cero “patatero”, e vostedes do Partido Popular deberían de dicirlle a este ministro que cando veña aquí en campaña que traía a partida orzamentaria para facer o paseo de Samil.

Por iso, menos comisións e máis feitos na cidade de Vigo, porque o Partido Popular onde goberna non trae un duro de inversión para a cidade de Vigo. Como dicía o Sr. Bernández ía traer ao Pleno o proxecto de Samil, que vostedes Grupo do Partido Popular aprobaron neste Pleno e que vostedes señores do Bloque Nacionalista Galego aprobaron neste Pleno.

Non sei canto cambiou a Sra. Veloso, porque nos dicía ela mesma que foi a que defendeu esta moción o ano pasado e dicíanos neste Pleno “o ano 1970 foi un ano duro para a ría de Vigo e para a cidade de Vigo e pero a costa. O Polycommander naufragaba nas costas inundando todas as súas costas de petróleo e iniciábanse tamén os traballos do paseo de Samil”, estabamos de acordo naquel momento e pedímoslle que estean de acordo neste momento, traballemos pola cidade de Vigo e deixemos de crear comisións e fagamos o paseo de Samil que se fai con dotación orzamentaria.

A Sra. Silva, deputada en Cortes Xerais do Partido Socialista pola cidade de Vigo, presentou este ano dúas mocións concretas aos Orzamentos Xerais do Estado. As mocións dicían o seguinte, “tense que dotar economicamente tanto o Paseo de Samil como o paseo de Alcabre, e ambas propostas unha de dezanove millóns e outra de tres millóns”, cremos que a forma de facer cidade é investindo na cidade, cremos que non podemos ver cara outro sitio.

Vostede Sr. Bernárdez, falábanos do Plan Xeral e a demolición que estamos facendo das Dornas e a concesión do restaurante Jonhatan axústase rigorosamente ao Plan Xeral.

Quería lerlles unha das cláusulas deste prego, porque nós si que temos claro unha cousa, non podemos hipotecar o futuro da cidade, entón no prego xa dicimos na cláusula 29 “o Concello de Vigo poderá extinguir a concesión de dominio público antes do vencemento do prazo estipulado, de xeito unilateral por interese público para a cidade de Vigo”. Nós cremos na cidade, cremos no litoral de Samil e apostaremos por Samil, agora tamén como vostedes reclamaban señores do Partido Popular e tamén reclamaban os hostaleiros, non podemos pechar Samil,

Samil é unha praia urbana, é unha praia de servizos e temos que seguir apostando polos servizos de Samil.

Por iso, se queren, hoxe, ao saír de aquí poden ir a Samil e verán que o seu paseo está en perfecto estado, que tódolos servizos están en perfecto estado e imos seguir mellorando.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Señores do Goberno nós imos a Samil, á praia, a gozar, a correr, a patear Samil pero con roupa deportiva non con chaqueta, traxe, para facerse fotos con políticos do Partido Socialista do Parlamento español.

Voulle dicir máis, vostede fala do Sr. Cañete eu falo do Sr. Blanco que non pode vir a Vigo a reunirse con tódolos usuarios do Porto de Vigo porque privou a Vigo do Porto Nodal, se quere falar de Europa eu non son candidato de Europa, falamos cando queira.

Dito isto, eu creo que vostede non entende nada do que dixó e das miñas manifestacións meses atrás, vostede pódeme mostrar nese catálogo de fotos onde está a rexeneración de Samil coa illa do Jonhatan no ano 2044? ensíname esa foto, onde está o Jonhatan. Sr. Regades, nos somos máis manuais, fíxese vostede quedámonos en traballos manuais. As concesións de Samil agora mesmo están así, nas Dornas non sabemos que queren facer, aí estamos perdendo a oportunidade de retranquear o muro, o Camaleón vence no 2019, o hotel Samil como dicía antes no 2016, San Remo no 2025, pero vostedes tramitan agora mesmo unha concesión ao 2044, isto cáese da mesa se vostedes queren facer ese proxecto que lle presentaron a Sra. Espinosa. Cal é o medo que teñen vostedes a crear un grupo de traballo con técnicos evidentemente, non só con políticos, onde podamos debater o futuro das próximas décadas de Samil?.

O Sr. Antonio Palacios, hai 90 anos xa comparaba a praia de Samil coa da Concha de San Sebastián e auguraba un maior futuro e prosperidade medioambiental e doutro tipo, turístico evidentemente á praia de Samil sobre a da praia da Concha.

Samil non a queremos hipotecar, e os vigueses non queren hipotecar Samil, ao mellor estamos acertados co proxecto que hai. Sr. Regades, estoulle propoñendo que nos sentemos, aí non está a illa do Jonhatan no ano 44, esa foto non a ten. Cal é o medo a sentarse a dialogar sobre Samil? Porque aquí o único acordo plenario que vale é a ficha do Plan Xeral que di explicitamente, transformación do paseo de

Samil, eliminación do muro traslado dos usos lúdicos e deportivos. Isto que quere dicir? Que non o estamos cumprindo agora mesmo co que di a ficha do Plan Xeral, non o estamos cumprindo.

Vou falar sobre as dúas emendas, aos dous Grupos Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, para que non se enfronten entre eles as podemos trasladar á comisión e comprometémonos a que sexa o primeiro que imos debater.

PRESIDENCIA: Sr. Bernárdez, deixe que lle diga dúas cousas rápidas. Para retranquear o muro o único que fai falla é que o Goberno de España poña os cartos, o acordo ese que lle acaba de ensinar o concelleiro de Fomento foi tomado coa Ministra a Sra. Espinosa e coa súa sucesora. Pechouse ese acordo de forma global, Goberno Municipal, Goberno de España, un compromiso daquel Goberno de España de 19 millóns de euros para Samil, adiantáronse eleccións e chegou o Sr. Rajoy e o Sr. Cañete e nunca máis se soubo nin de ese proxecto, nin dos 19 millóns de euros. Pero eu envieille unha carta ao Sr. Cañete, reclamando ese acordo e eses cartos, non houbo ningunha resposta, nunca tivemos resposta.

A Sra. Silva, nos Orzamentos do ano 2012 presentou unha emenda, porque mentres gobernaba o Partido Socialista había unha partida, porque queríamos mantela activa para Samil e para Alcabre, para as dúas, de forma que aquilo fora un proxecto activo nos orzamentos, chegou o Goberno do Sr. Rajoy e desapareceron as dúas partidas. No ano 2012 a Sra. Silva urxía pola posta en marcha dese acordo para retranquear o muro de Samil e que aparecera unha partida correspondente a aquel compromiso, resposta cero.

Pero neste ano, nestes Orzamentos volveuse a presentar esa emenda, resposta cero.

Polo tanto, Sr. Bernárdez para retranquear o muro de Samil só fai falla que o Goberno de España dedique os recursos necesarios, de acordo co compromiso que había establecido.

Nós mantivemos aquí un discreto compás de espera, porque hai momentos en que un ten que entender que ao mellor as cousas pódense demorar un pouco, e hai que tratalas con seriedade, mantivemos un compás de espera, son momentos difíciles e nós poderíamos entender que ese proxecto se atrasa un pouco, o que non podemos entender é que agora o Grupo Popular aínda por riba diga que a culpa é do

Goberno Municipal, pola nosa tolerancia razoable porque está acordado, porque sabe o que significa sentarse? Significa un novo aval para que o Goberno de España diga non teñen proxecto, si hai un proxecto acordado que é ese, e acordado por este Pleno.

A licitación neste momento do Jonhatan non ten ningún problema de impedimento porque en calquera momento que o Goberno Municipal decida retranquease, agora tamén se se retranquea agora o que o faga detrás ten que facer o edificio enteiro. Polo tanto, non hai ningunha perda de recursos, nin ningunha perda de capacidade de retranquear, enfocouno mal, seguramente de boa fe, quérolle conceder que o fai de boa fe, pero non ten razón Sr. Bernárdez, está acordado.

Sabe o que temos que acordar? E eu proponlle que vaiamos unha delegación dos tres grupos a falar co voceiro do Grupo Popular no Parlamento de España para pedirlle que faga unha emenda e que metan, non digo moito, cinco millóns de euros para a praia de Samil, e eu vou nesa comisión. Imos a Madrid e falamos con tódolos grupos políticos para que asinen un crédito extraordinario digamos de cinco millóns de euros para a praia de Samil, eu acepto esa proposta.

Non fai falla se esa decisión, señores do Bloque Nacionalista Galego, que vostedes non queren entender nada porque ultimamente non queren entender nada, no momento que o Goberno Municipal o decida está paralizado e retranqueado e cancelase, que non o queren entender.

Sabe que lles pasa, que vostedes len moito o xornal e nese xornal cóntanlles mentiras e pasa o que pasa.

Nas Dornas tomamos a decisión de tiralo porque era un problema medioambiental de visualización da ría. Vostedes neste momento que é o que queren, montar lio, señores do Bloque Nacionalista Galego. A praia de Samil a preserva o proxecto que aprobou este Goberno falando coa Ministra a Sra. Espinosa, que significa o retranqueamento de todo o paseo de Samil, faltan os 19 millóns de euros, e no momento que o Goberno o decida retranquease o Jonhatan, está na concesión e o Bloque Nacionalista Galego non se quere decatar, é certo que apoiou os 19 millóns. As adxudicacións as deciden os gobernos, vostedes están na oposición, o día que queiran decidir entraran no Goberno.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e doce abstencións do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, instando ao Goberno Municipal a creación dunha comisión composta polos grupos políticos e técnicos municipais para acadar un consenso sobre o desenvolvemento de Samil, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **5(72).- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

### **5.1.- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO ÁS CONDICIÓN DOS TRABALLADORES MUNICIPAIS CONTRATADOS.**

SRA. VELOSO RÍOS: Solicitamos do goberno municipal a realización dun informe e o seu traslado aos grupos municipais sobre as condicións laborais do persoal das contratas municipais, o cumprimento das condicións laborais recollidas nos pregos de condicións, o cumprimento dos convenios dos traballadores e traballadoras das contratas municipais e a actualización dos seus salarios de acordo co IPC.

PRESIDENCIA: Tomamos nota.

**5.2.- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO Á INSTALACIÓN DUNHA TARIMA NO DOMINGO DE RAMOS.**

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Un rogo, que é moi apropiado o termo, en nome dos pais, fillos e avós da cidade, apunten na axenda o 29 de marzo de 2015, que é o Domingo de Ramos do ano que ven, para que non se esquezan de instalar unha tarima, porque aínda que non participen vostedes nese evento a verdade é que é penoso o que pasou. Se foi un despiste, se o bispado restoulle importancia e vostedes tamén, moitos pais, nenos e avós non. Co cal apunten, 29 de marzo de 2015 que ese é o día para que non se lles esqueza. É un rogo que teño que facerlles e o fago con todo o convencemento, apunten o día.

PRESIDENCIA: A ese rogo xa lle contestou o responsable de organizar ese evento dende a Igrexa Católica.

**6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

Non se realizaron.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.